



CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

ESTATUTOS

ESTATUTOS  
DA  
CONFRARIA  
DE  
PESCADORES  
"SAN MARTÍN"  
O GROVE



CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

# ESTATUTOS

## INDICE

### CAPITULO I

- Denominación
- Ambito territorial
- Domicilio

### CAPITULO II

- Das funcións da Confraría

### CAPITULO III

- Dos membros da Confraría

### CAPITULO IV

- Estructura Orgánica

### CAPITULO V

- Dos acordos:
  - Alcance e obrigatoriedade dos mesmos

### CAPITULO VI

- Do proceso electoral

### CAPITULO VII

- Do persoal da Confraría

### CAPITULO VIII

- Do réxime económico:
  - Sección 1ª.- Dos recursos da Confraría
  - Sección 2ª.- Do orzamento
  - Sección 3ª.- Do réxime contable e contas anuais
  - Sección 4ª.- Da responsabilidade





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

# ESTATUTOS

## CAPITULO IX

- Sistemas de garantías e recursos

## CAPITULO X

- Do procedemento sancionador

## CAPITULO XI

- Das relacións con outras Confrarías, convenios, asociación e da sua disolución

## CAPITULO XII.

- Da reforma do Estatuto

## CAPITULO XIII

- Das festas oficiais

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

### CAPITULO I

#### DENOMINACIÓN, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

**Artigo 1º.-** A Confraría de Pescadores " San Martín" de O Grove, é unha corporación de dereito público sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lle están encomendadas, que actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura, e representa os intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector, dacordo cos principios de observancia da legalidade, transparencia contable e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.

**Artigo 2º.-** O seu ámbito territorial comprende dende a costa comprendida entre "punta Borrelo" no municipio de Cambados, e " Punta Faxilda" no municipio de Sanxenxo, ambas pertencentes ó Distrito Marítimo de O Grove.

**Artigo 3º.-** A Confraría ten o seu domicilio social na Praza do Corgo, nº 2, no Grove (Pontevedra), podendo o Cabildo acorda-lo cambio de domicilio, dando conta á Xunta Xeral e á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.


### CAPITULO II

#### DAS FUNCIÓNS DA CONFRARÍA

**Artigo 4º.-** Son funcións da Confraría:

1. Como órgano de consulta e colaboración coa Administración correspóndelle as seguintes funcións:

- a) Orientar a tódolos seus membros sobre as accións derivadas da aplicación da normativa concerniente ó sector pesqueiro, marisqueiro, e da acuicultura e, en particular, sobre axudas, subvencións e programas establecidos pola Administración Pública.
- b) Actuar como oficinas públicas, no referente á recepción, rexistro e tramitación de documentación dirixida á Administración da






COMPAÑÍA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

- c) Comunidade Autónoma, cando expresamente así se estableza en virtude de disposición regulamentaria.
- d) Promover actividades de formación dos profesiniais nas actividades referidas á pesca, marisqueo e acuicultura.
- e) Servirle como entidade de consulta á Administración en tódolas cuestións concernentes ó sector, en especial na elaboración das disposicións de carácter xeral que lle sexan sometidas.
- f) Elevarlle á Administración propostas sobre materias de interese pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura, en particular, sobre aquelas accións tendentes a mellora-las condicións técnicas, económicas e sociais da actividade.
- g) Promove-la creación de servicios comúns para os seus membros.
- h) Velar polo estricto cumprimento da normativa vixente en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, de descarga, primeira venda e de comercialización dos recursos mariños.
- i) Colaborar coa Administración na elaboración das estadísticas do sector pesqueiro e marisqueiro e, en particular, remitir, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos os datos relativos á descarga e primeiras vendas dos recursos mariños en fresco, na forma e prazo determinados regulamentariamente.

2. Asemade, na defensa dos intereses profesionais, correspóndelle as función de:

- a) Promove-la creación de servicios sociais, recreativos, culturais ou análogos para os seus membros.
- b) Xestiona-las áreas da zona marítimo e marítimo-terrestre que lle foran confiadas mediante o título administrativo habilitante correspondente, expedido pola Administración competente.
- c) Xestionar e administrar aqueles bens patrimoniais e de dominio público, que lles sexan cedidos por calquera administración pública para o cumprimento dos seus fins.
- d) Responsabilizarse da vixilancia das zonas de dominio público marítimo e marítimo-terrestre que lle foran confiadas para o seu aproveitamento.
- e) Administra-los seus propios recursos e patrimonio.
- f) Prestar servicios de carácter xeral ós socios.
- g) Promove-la execución de plans de capturas, concentra-la oferta e regulariza-los prezos.







COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- h) Establece-los plans de produción e comercialización co fin de mellora-la calidade dos produtos a adapta-lo volume da oferta ás existencias do mercado.
- i) Adopta-las medidas necesarias para a aplicación da política pesqueira comunitaria, que sexan da competencia dos produtores.
- j) Fomenta-lo movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxetivos de ordenación e potenciación do sector.
- k) Promove-la creación de cooperativas, fundacións, asociacións e asociacións laborais, organismos de investigación, culturais, profesionais, comercialización e establecemento para o suministro de pertrechos e material de mantemento e demais entes de carácter social e económico que interesen ós partícipes da produción e que teñan carácter asociativo.
- l) Reglamenta-las operacións de venda da pesca e marisqueo e a súa comercialización, segundo as normas legais vixentes, así como establecer unha porcentaxe por prestacións de servicios tanto ós asentadores como ós compradores de peixe.
- m) Fomenta-lo movemento asociativo como instrumento para a consecución dos obxetivos de ordenación e potenciación do sector.
- n) Prestar servicios de carácter xeral ós socios/as.

3. Desenvolver aqueloutras funcións que lle sexan atribuídas ou encomendadas pola Administración Pública, ou polas Federacións de Confrarías á que esté asociada, Asociacións, etc... como poden ser:

- a) Representar, defender e promociona-los intereses socioeconómicos dos asociados da Confraría.
- b) Facilita-la libre e xusta convivencia entre os seus membros en orden a potencia-los intereses comunes.
- c) Procurar unha xusta e racional estimación do traballo e da produción que teñan os asociados.
- d) Utiliza-las fontes de crédito a fin de facilita-l a adquisición de embarcacións e utillaxe necesario para as mesmas.
- e) Fomenta-las edificacións e instalacións de carácter social e asistencial.
- f) Fomenta-lo movemento cooperativo como instrumento para a consecución dos obxetivos de ordenación e potenciación do sector.
- g) Promove-la ordenación das Áreas da súa xurisdición nos distintos sectores de produción, transformación e comercialización, así como a







COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- instalación e explotación dos servizos que demanda, reglamentando as operacións de venda da pesca.
- h) Velar polo cumprimento das regras e medidas adoptadas para o mellor exercicio da pesca e do marisqueo.
  - i) Fomenta-lo desenrolo da acuicultura e potencia-los recursos marisqueiros.
  - j) Fomentar axudas para intensifica-la acción asistencial a favor dos/as asociados/as necesitados/as.
  - k) Elevar a base cultural e profesional dos asociados, as súas familias e do persoal ó servizo da Confraría, colaborando coa Administración e outras Entidades na tarefa de formación das mesmas.
  - l) Crear fontes de crédito propias en beneficio dos asociados que o precisen, nutrido os seus fondos de préstamos procedentes de Entidades de Crédito, oficiais ou privados ou dos remanentes que resulten unha vez atendidas as obrigacións preferentes.
  - m) Desenrolar e cumpra-las misións que lle puideran ser encomendadas polas Federacións Provinciais ou Nacionais, Asociacións, etc...
  - n) Fomenta-lo desenrolo da acuicultura e potencia-los recursos marisqueiros.
  - o) Cumprir e facer cumprir-los presentes estatutos e disposicións legais que lle afecten, así como os demais acordos de carácter interno, assembleario, etc....
  - p) Formular e levar a cabo os programas de acción para o debido cumprimento dos seus fins, establece-lo esquema orgánico dos grupos de actividades específicas, con obxecto de ofrece-lo cauce axeitado á veracidade real das manifestacións da vida económica e social, coordinando os seus distintos intereses, creando e patrocinando, dacordo coas disposicións legais, órganos, servizos e comisións que poidan resolver, con carácter de árbitro, as cuestións que lles sexan sometidas procurando a abenencia e conciliación no seo da Confraría.
  - q) Fomentar cantas medidas conduzan a incremental a rendabilidade do esforzo pesqueiro e marisqueiro e acadar un maior benestar económico e social dos asociados.
  - r) Promove-la creación de Cooperativas, Fundacións e Asociacións, Asociacións Laborais, Organismos de Investigación, Formación Moral, Cultural e Profesional dos socios/a desta Confraría ou das Confrarías da Ría, da Provincia ou da Comunidade, en especial mulleres, persoas discapacitadas e persoas maiores de corentacinco anos, Previsión e Auxilio, e demais de carácter social e económico que interesen ás Confrarías.





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

#### 4. Como órgano de participación nas tarefas comunitarias:


- a) Emiti-los informes, dictámenes e peritaxes que solicite a Administración, a través da Federación Provincial e Nacional.
- b) Recopilar, elaborar e publica-los datos estadísticos referentes ás actividades da Confraría.
- c) Ostenta-la representación dos intereses pesqueiros e marisqueiros propios en toda clase de Asambleas, Congresos, reunións de carácter xeral relacionadas coa pesca e marisqueo, ben de xeito exclusivo ou en colaboración coa Administración.
- d) Promove-la creación de Cooperativas, Fundacións, Asociacións e Asociacións Laborais, Organismos de Investigación, Formación Moral, Cultural e Profesional dos socios/a desta Confraría ou das Confrarías da Ría, da Provincia ou da Comunidade Autónoma, en especial mulleres, persoas discapacitadas e persoas maiores de corentacinco anos, Previsión e Auxilio, e demais de carácter social e económico que interesen ás Confrarías a nivel Comunitario ou Internacional.

### CAPITULO III

#### DOS MEMBROS DA CONFRARÍA

##### 5º.- Dos membros:

1. Poden ser membros da Confraría as persoas físicas ou xurídicas, que voluntariamente se asocien, sempre que desenvolvan habitualmente e profesionalmente unha actividade extractiva pesqueira ou marisqueira, e estén en posesión do correspondente título administrativo que os habilite para o exercicio da actividade extractiva.
2. A condición de membro da Confraría atribúe, dende o momento da súa afiliación, a plenitude de igualdade dos dereitos e obrigas inherentes á mesma, agás o de ser elixible que requirirá o exercicio ininterrompido durante alomenos dous anos no ámbito territorial da Confraría, sen discriminación algunha por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou de calquera outra clase e a partir dos 18 anos de idade.
3. Para os efectos asociativos, os mariscadores de a pé terán a condición de traballadores, e os mariscadores de a flote que sexan armadores dunha embarcación







COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

terán condición de empresarios ou armadores.

4. Os pensionistas do sector poderán seguir mantendo a súa condición de membros da Confraría, non podendo exercer os dereitos de ser electores nin elixibles, sendo nomeados Socios Honorarios..

5. Ningún membro da Confraría poderá pertencer simultaneamente a outra Confraría.

6. Os membros da Confraría integraranse en dúas agrupacións, unha de traballadores e unha de empresarios:

### A.- Integraranse na agrupación de traballadores:

- Os traballadores por conta allea debidamente enrolados en embarcacións dedicadas á actividade pesqueira ou marisqueira que teñan base nun porto do ámbito territorial da Confraría.

- Os traballadores por conta propia que realicen as labores necesarias para a extracción dos recursos mariños no ámbito territorial da Confraría.

- Os traballadores por conta allea que presten os seus servizos en actividades de explotación de parques de cultivo que estén no ámbito territorial da Confraría ou en viveiros flotantes, sempre que a súa embarcación teña base nun porto do ámbito territorial da Confraría.


### B.- Integraranse na agrupación de empresarios:

- As persoas físicas ou xurídicas que realicen unha actividade como armador de embarcacións adicadas a actividades pesqueiras ou marisqueiras que teñan base nun porto do ámbito territorial da Confraría.

- Os titulares de concesións ou autorizacións pesqueiras ou marisqueiras, que estén dentro do ámbito territorial da Confraría.

- Os titulares de parques de cultivo que estén no ámbito territorial da Confraría ou de viveiros flotantes, sempre que a súa embarcación teña base nun porto do ámbito territorial da Confraría.

7. Cando unha persoa xurídica esté composta por varios profesionais do sector extractivo, ésta integrárase na agrupación de empresarios a través do seu representante legal, mentres que os socios que a compoñen, e se cumpren os requisitos do punto 6.a) deste artigo, poderanse integrar na agrupación de traballadores.





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

8. No caso das comunidades de bens, un dos seus integrantes formará parte da agrupación de empresarios e os restantes integraranse na agrupación de traballadores.

9. Poderán mante-la condición de membro da Confraría as persoas que estén en situación de inactividade ou desemprego ocasional. O período máximo de permanencia na Confraría nesta situación será dun ano.

Asemade, poderán mante-la condición de membro os que estén en situación de incapacidade permanente total, sempre que nesta situación desenvolvan traballos dentro do ámbito do sector pesqueiro ou marisqueiro.

10. As persoas que sendo membros da Confraría pasen á situación de incapacidade permanente absoluta, grande invalidez ou xubilación, manterán a condición de membro honorario da Confraría sen ter dereito a ser elector nin elixible.

11. A Confraría poderá contar con membros colaboradores que terán dereito a voz pero non a voto. A súa admisión deberá ser aprobada pola Xunta Xeral.

12. Ningún membro da Confraría poderá pertencer simultaneamente a outra Confraría.

### Artigo 6º.- Dereitos dos membro.-

Son dereitos dos membros da Confraría:

- a) Elixir e ser elixidos para postos de representación e dirección dentro da Confraría a exercer, se así fosen designados, dita representación.
- b) Exercitar accións e recursos en relación cos seus dereitos e instar á Confraría ó exercicio das actuacións necesarias para a defensa dos seus intereses.
- c) Participar en tódolos actos e reunións ós que sexan convocados.
- d) Solicitar ó Cabido as aclaracións e informes que coiden necesarios sobre o estado da Administración, patrimonio, funcionamento e actuacións da Confraría en todo aquilo que lles poida afectar, na forma en que acorde o Cabido.
- e) Formular todo tipo de propostas e resolucións ós seus representates.
- f) Utiliza-los servicios da Confraría.
- g) Participar na constitución e desenvolvemento das correspondentes seccións.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- h) Constituirse, dentro da Confraría, en agrupacións sectoriais e participar na constitución das mesmas, de conformidade co disposto no presente estatuto.
- i) Expresar libremente as súas opinións en materia e asuntos de interese do sector.
- j) Reunirse na Confraría para tratar asuntos propios da profesión, con sujeción ás normas estatutarias.
- k) Ter á disposición dos membros asociados unha copia dos estatutos, regulamentos de réxime interior, e os orixinais das actas, que lle serán facilitadaas do xeito e condicións que aprobe o Cabido.
- l) Ter acceso ó censo de afiliados de conformidade ca lexislación vixente.

### Artigo 7º.- Obrigas dos membros.-

Son obrigas dos membros da Confraría:

- a) Actuar conforme ó disposto nos estatutos e regulamento de réxime interior da Confraría, así como ó establecido na legalidade vixente, e acata-los estatutos, regulamentos de réxime interior, acordos assemblearios e demais normas de funcionamento da Confraría.
- b) Acatar e cumprir-los acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da Confraría.
- c) Actuar con lealdade e boa fe, non obstaculizando o normal funcionamento da Confraría.
- d) Respetar-la libre manifestación de pareceres e non entorpece-las actividades da Confraría.
- e) Facilitar información solvente e responsable sobre cuestións que non teñan natureza reservada, cando lle sexa requerida pola Confraría.
- f) Satisfacer-las cotas ou derramas que se establezan para contribuir ó sostemento da Confraría ou Agrupación.
- g) Asistir e participar en tódalas accións, actos e reunións ós que sexan convocados pola Confraría.
- j) Respetar ó Patrón Mayor, ós membros dos órganos de goberno, e ó persoal laboral ou funcional que desempeña os servizos na Confraría así como a tódolos/as socios/as, así como acata-las órdes que de eles reciban no uso das competencias.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

**Artigo 8º.- Altas e baixas dos membros da Confraría. Da adquisición e perda da condición de membro da Confraría. Do Censo.-**

### 1. Das altas.-

- a) As persoas físicas ou Xurídicas que voluntariamente desexen ser membros da Confraría e reunan os requisitos establecidos no artigo 5º.1 deste estatuto presentarán escrito en tal sentido, dirixido ó Patrón Maior quen, xuntamente cas informacións oportunas, dará conta ó Cabido, na primeira sesión despois de recibila notificación. Adquiríndose polo tanto a condición de membro da Confraría pola solicitude de afiliación manifestada por escrito, e tra.lo acordo favorable do Cabido, logo da comprobación dos requisitos determinados no artigo anterior.
- b) Unha vez valorada a solicitude e comprobado que o solicitante cumpre cos requisitos necesarios para ser socio e de non existir ningunha outra razón que impida a súa afiliación, o Cabido autorizará a dar de alta ó novo socio.
- c) A condición de membro da Confraría atribúe, dende o momento da súa afiliación, a plenitude de igualdade dos dereitos e obrigas inherentes á mesma, agás o de ser elixible que requirirá o exercicio ininterrompido durante alomenos dous anos no ámbito territorial da Confraría da actividade económica ou laboral dentro do sector pesqueiro ou marisqueiro, sen discriminación algunha por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou de calquera outra clase, e a partir dos 18 anos de idade.

### 2. Das baixas.-

As baixas produciranse nos seguintes casos:

- a) Por vontade do membro manifestada por escrito.
- b) Por non reuni-los requisitos requeridos na lexislación vixente e nos Estatutos da Confraría. Ante a perda destes requisitos, a baixa producirase de oficio polo Órgano competente.
- c) Por falecemento
- d) Por sanción disciplinaria de expulsión da Confraría como consecuencia de expediente disciplinario incoado polo órgano competente logo da tramitación do correspondente





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### 3. Do Censo de Afiliados.-

A Confraría levará un censo de afiliados no que se inscribirán tódalas persoas físicas ou xurídicas que adquiran a condición de membros da Confraría de conformidade ca normativa vixente. A levanza do censo poderá realizarse nun soporte informático.

## CAPITULO IV


### ESTRUCTURA ORGÁNICA

#### Artigo 9º.-Órganos Rectores.-

1. Son órganos rectores da Confraría a Xunta Xeral ou Asamblea, o Cabido ou Comisión Permanente e o Patrón Maior.
2. Tódolos cargos electos serán gratuítos, sen prexuízo das indemnizacións que por razóns do servizo correspondan en cada caso segundo o acordado anualmente na Xunta Xeral.
3. Os órganos rectores da Confraría axustarán a súa actuación ó disposto no Decreto 261/2002 de 30 de xullo polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarías de pescadores e as súas federacións e ós seus acordos validamente adoptados, con sometemento expreso ó principio de legalidade.

#### Artigo 10º.-Da Xunta Xeral.-

1. A Xunta Xeral é o órgano superior de goberno e decisión da Confraría na que están representados tódolos profesionais do sector afiliados á mesma.
2. A Xunta Xeral actua como órgano de control e fiscalización dos restantes órganos rectores da Confraría. Os acordos que adopte obrigan á totalidade dos afiliados.





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 11º.- Composición da Xunta Xeral.-

1. Os membros da Xunta Xeral elixiranse mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, por un periodo de catro anos, podendo ser reelixidos.

A constitución da Xunta Xeral levarase a cabo dentro dos 30 días seguintes ó da proclamación de candidatos elixidos pola Comisión Electoral. No mesmo acto ou en actos posteriores procederase á elección de Presidentes de Agrupacións, vocais do Cabido así como do Patrón Maior sempre de acordo cós prazos establecidos nos presentes Estatutos. Os prazos anteriormente citados, poden ser modificados, sempre dentro do establecido no Decreto 261/02 do 30 de xullo, se así o estima necesario a Comisión Electoral e en prol a un mellor desenrolo do proceso electoral.


2. A Xunta Xeral está presidida polo Patrón Maior, asistido polos Vicepatróns Maiores e polo Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría que elevará acta dos acordos e resolucións adoptados.

3. A Xunta Xeral está composta por 24 membros. Sempre que sexa posible respetarase a paridade entre os traballadores e empresarios. Nela terán representación a totalidade dos sectores da produción que integran a Confraría sempre que sexa posible.

### Artigo 12º.- Das funcións.-

Correspóndelle á Xunta Xeral as seguintes funcións:

- a) A súa constitución e a das distintas comisións.
- b) Aprobar e modificar total ou parcialmente os estatutos e regulamentos internos da Confraría.
- c) Acorda-la disolución dos órganos rectores e convocatoria de eleccións, por propia iniciativa ou por acordo do Cabido.
- d) Elixir e cesar ó Patrón Maior e ós membros do Cabido e a provisión de vacantes.
- e) Nomear e cesar ó Secretario da Xunta Xeral e do Cabido, é dicir, ó Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría conforme ó disposto no do Decreto 261/2002, do 30 de Xullo.
- f) Defini-lo ámbito territorial da Confraría e acorda-la súa modificación.
- g) Acorda-la federación, asociación, etc... da Confraría.





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS



- h) Aproba-lo orzamento anual e as súas modificacións, cando istas illada ou acumulativamente excedan do 10% do total do orzamento.
- i) Acorda-la fixación das cotas ordinarias ou derramas extraordinarias.
- j) Acordar calquera actuación que comprometa en máis do 10% os fondos propios da Confraría reflectados nas contas anuais correspondentes ó exercicio inmediatamente anterior.
- k) Autorizar ó Patrón Maior para tomar diñeiro a préstamo, concertar avales e demais instrumentos financeiros, asinar convenios, concertos e acordos e interponer recursos e litixios, e o otorgamento de poderes especiais ou específicos, e cantas atribucións non estén preceptivamente encomendadas a outros órganos de goberno da Confraría.
- l) Aproba-la memoria anual relativa ás actividades da Confraría e á súa situación socio-económica.
- m) Constituí-la sección de organización da produción.
- n) Autoriza-la contratación do persoal laboral propio.
- o) Decidir sobre aquelas cuestións de interese que outro órgano retor someta á súa consideración.
- p) Solicitar e recibir do Cabido a información oportuna sobre a situación da Confraría.
- q) Aprobar anualmente a actualización do censo de afiliados.
- r) Acordar anualmente as indemnizacións que por razóns do servizo lle correspondan ós cargos electos.
- s) E aquelas outras que considere o Cabido ou Xunta Xeral dentro do normal desenvolvemento da Confraría e dentro das competencias que lle outorga a legalidade vixente.

### Artigo 13º.- Da delegación de funcións.-

1. A Xunta Xeral, por acordo da maioría dos seus membros, poderá delegar no Cabido cas limitacións que estime conveniente as funcións recollidas nos apartados, n) e k) do artigo anterior.
2. En caso de urxencia, e sen necesidade de delegación, o Cabido poderá autorizar ó Patrón Maior para interponer recursos e litixios dándolle conta á Xunta Xeral na súa primeira reunión.

### Artigo 14º.- Do funcionamento da Xunta Xeral.-

1. As reunións da Xunta Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

a) **Xunta Xeral Ordinaria:** Celebrarase alomenos unha vez cada seis meses, logo da convocatoria realizada por escrito polo Patrón Maior dirixido a cada un dos membros da Xunta Xeral, expresando lugar, día e hora en que se celebrará a reunión en primeira e segunda convocatoria, así como a orde do día. A convocatoria deberá remitirse cunha antelación mínima de sete días á data en que se celebre a Xunta Xeral.

b) **Xunta Xeral Extraordinaria:** Celebrarase en calquera momento cando o soliciten:

- O Patrón Maior,
- O Cabido,
- Ou unha cuarta parte dos membros da Confraría (1/4).

A convocatoria deberá cursarse con tempo suficiente para o coñecemento dos asuntos que se van tratar.


2. Para a válida constitución da Xunta Xeral, ós efectos de adopción de acordos, requirirase a presenza do Patrón Maior, Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría ou, se é o caso, de quen os substitúan, e da metade alomenos dos seus membros en primeira convocatoria, en segunda convocatoria, poderá celebrarse calquera que sexa o número de asistentes, debendo gardarse un mínimo de media hora entre unha e outra convocatoria. Non será de aplicación ás anteriores regras cando pola natureza do acordo esixan as normas legais ou estatutarias a presenza dun número superior de membros, e neste caso repetirase a votación.

3. Para seren válidos os acordos adoptados pola Xunta Xeral deberán ser aprobados pola maioría dos membros presentes, agás nos seguintes casos:

a) A constitución, dentro da Confraría, da sección de organización da produción, a federación con outras Confrarías, así como o cesamento do Patrón Maior antes da expiración do seu mandato requirirán do respaldo da maioría absoluta.

b) As funcións recollidas nos apartados b) e j) do artigo 12 deste estatuto requirirán do respaldo dos dous tercios (2/3) dos membros da Xunta Xeral.

c) A fusión e disolución da Confraría, requirirá o respaldo das tres cuartas (3/4) partes dos membros da Xunta Xeral.







CONFRARIA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

4. As votacións serán secretas agás nos casos nos que a totalidade dos membros da Xunta Xeral acorden o contrario, nos que será a man alzada.
5. En caso de empate repetirase a votación e, de persistir, decidirá o voto de calidade do Patrón Maior. Rematadas as votacións o Patrón Maior proclamará o resultado e os acordos que se adoptaron.
6. Un extracto dos actos e acordos da Xunta Xeral serán expostos no taboleiro de anuncios por un período de quince días desde a data da súa adopción, para facilitar a súa divulgación.
7. A Xunta Xeral estará presidida polo Patrón Maior, ou no seu defecto polos Vicepatróns Maiores ou quen o substitúa, e atoparanse presentes os vocais das agrupacións de traballadores e empresarios.
8. Cada unha das agrupacións de traballadores e empresarios que forman a Xunta Xeral poderá reunirse para tratar temas específicos do sector ó que representan.
9. O pleno da Xunta Xeral reunirse como mínimo dúas veces ó ano.
10. Con carácter extraordinario poderá reunirse nos termos previstos no presente Estatuto.

### Artigo 15º.- O Cabido e a súa composición.-

1. O Cabido é o órgano de goberno, xestión e administración da Confraría.
2. A composición do Cabido será paritaria nos mesmos termos previstos para a Xunta Xeral. Estará presidido polo Patrón Maior e composto polos dous Vicepatróns Maiores, que serán elexidos pola maioría simple polos vocais das Xuntas Xerais respectivas e por separado, sendo todos eles únicos electores e elexibles, e por 10 vocais e polo Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría, que levantará acta dos acordos e resolucións adoptados. Os vocais do Cabido serán elexidos polos compoñentes das agrupacións de traballadores e empresarios de entre os membros da Xunta Xeral. A súa toma de posesión realizarase dentro dos 30 días seguintes á constitución da Xunta Xeral.
3. A duración do mandato será de 4 anos.






COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 16º.- Funcións do Cabido.-

Son funcións do Cabido:

- a) Dirixir e realiza-las actividades necesarias para o exercicio das facultades atribuídas á Confraría.
- b) Velar polo cumprimento dos acordos da Xunta Xeral.
- c) Velar polo normal funcionamento dos servicios da Confraría.
- d) Elaborar e propoñer á Xunta Xeral o proxecto de orzamento e as súas modificacións, cando estas exceda do 10% do total.
- e) Executa-lo orzamento aplicando o plan de contabilidade correspondente, e proceder ás súas modificacións, sempre có global destas non excedan do 10% do total, debendo dar cumprida conta de cada un destes acordos á Xunta Xeral.
- f) Acordar calquera actuación que non comprometa en máis dun 10% os fondos propios da Confraría reflectidos nas contas anuais do exercicio inmediatamente anterior.
- g) Elabora-la memoria anual relativa ás actividades da Confraría e á súa situación socio-económica, someténdoa á Xunta Xeral para a súa aprobación, podendo propoñer asemade, que a cota de socio poida establecerse e recadarse por medio dunha porcentaxe das vendas en lonxa.
- h) Resolve-las altas e baixas dos seus afiliados, previa instrucción do oportuno expediente, acorda-la separación daqueles por razóns disciplinarias, etc...
- i) Propoñer ó pleno da Xunta Xeral os programas anuais de actuación e xestión corporativa e realizar e dirixir os xa aprobados, dando conta do seu cumprimento.
- j) Confeccionar e propoñer ó pleno da Xunta Xeral a aprobación de toda clase de proxectos de orzamento e as súas liquidacións.
- k) Tomar acordos en materia de ordenación de cobros e pagos, e inspecciona-la contabilidade xeral de cobros e pagos da Confraría, sen prexuício das facultades atribuídas ó administrador e interventor, todo dacordo co presente estatuto.
- l) Elaborar e proponer á Xunta Xeral o proxecto de estatutos, así como os regulamentos internos que procedan e as súas modificacións.
- m) Propoñerlle á Xunta Xeral a disolución dos órganos rectores e a convocatoria de eleccións.
- n) Designar grupos de traballo para asuntos concretos.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- o) Autorizar expresamente ó Patrón Maior para o otorgamento de poderes especiais ou específicos, sempre que así se delegue das funcións da Xunta Xeral, e cantas atribucións non estén previstas, ou encomendadas a outros órganos de Goberno da Confraría.
- p) E aquelas outras que para o normal desenvolvemento das funcións da Confraría aprobe o Cabido.

### Artigo 17º.- Funcionamento do Cabido.-

#### 1. As reunións do Cabido poden ser:

a) **Ordinarias:** Celebraranse alomenos unha vez cada dous meses, logo da convocatoria realizada por escrito polo Patrón Maior dirixido a cada un dos membros, expresando lugar, día e hora en que se celebrará a reunión en primeira e segunda convocatoria, así como a orde do día. A convocatoria deberá remitirse cunha antelación mínima de catro días a data na que se celebre.

b) **Extraordinarias:** Celebrarase en calquera momento cando o soliciten:

- O Patrón Maior,
- Ou unha cuarta parte (1/4) dos membros do Cabido ou da Confraría.


A convocatoria deberá facerse con tempo suficiente para coñece-los asuntos a tratar.

2. As votacións para adopción de acordos serán secretas agás nos casos nos que a totalidade dos membros do Cabido acorden o contrario, nos que será a man alzada.

3. Os acordos do Cabido adoptaranse por maioría simple, agás nos casos que se estime outro tipo de maioría sempre e cando así se exprese na normativa vixente e de pertinente aplicación nos que se require maioría cualificada.

En caso de empate repetirase a votación e, de persistir, decidirá o voto de calidade do Patrón Maior. Rematadas as votacións o Patrón Maior proclamará o resultado e os acordos que se adoptaron.

4. Un extracto dos actos e acordos do Cabido serán expostos no taboleiro de anuncios por un período de quince días dende a data da súa adopción, para facilita-la súa divulgación.





CONFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

5. Para a válida constitución do Cabido, ós efectos de adopción de acordos, requirirase a presenza do Patrón Maior, Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría, ou no seu caso, de quen os substitúan, e a metade alomenos dos seus membros, en primeira convocatoria, e en segunda convocatoria, poderá celebrarse calquera que sexa o número de asistentes, debendo gardarse un mínimo de media hora entre unha e outra convocatoria.

### Artigo 18º.- Do Patrón Maior.-

1. O Patrón Maior é o órgano representativo da Confraría. Preside a Xunta Xeral e o Cabido, así como as restantes reunións dos distintos colectivos sectoriais integrados na Confraría, participando das súas reunións con voz e voto, o cal será de calidade en caso de empate.

2. A toma de posesión do Patrón Maior farase dentro dos 30 días seguintes ó da constitución da Xunta Xeral. O prazo para a elección de Patrón Maior, poderá ser modificado e ampliado no Calendario Electoral sempre que así o estime necesario a Comisión Electoral e sempre segundo o establecido no Decreto 261/02 do 30 de xullo.

3. O cargo de Patrón Maior é incompatible con calquera outro nos órganos de goberno das agrupacións e sectores da produción integrada na Confraría.

4. A duración do mandato será de catro anos.


### Artigo 19º.- Da elección do Patrón Maior.-

1. O Patrón Maior será elixido pola Xunta Xeral de entre os seus membros, dacordo co disposto no artigo 61º.

2. Os Candidatos a Patrón Maior deberán cumpri-los seguintes requisitos:

1. Ser membro da Confraría
- 2.- Ser cidadán da Unión Europea.
- 3.- Ser maior de 18 anos.
- 4.- Ser proposto, alomenos por 2 vocais da Xunta Xeral. Cada vocal só poderá asina-la proposta dun candidato.

3. As candidaturas presentaranse por escrito ante a Comisión Electoral da Confraría, dentro do prazo que sinala o calendario electoral confeccionado para o efecto.





CONFRARIA DE PESCADORES  
*San Martiño*  
O Grove

## ESTATUTOS

4. Unha vez elixido o Patrón Maior, a súa vacante como membro da Xunta Xeral será cuberta pola persoa da mesma agrupación e sector da produción que lle corresponda, en función do número de votos obtidos no proceso electoral.

De non presentarse candidatos a Patrón Maior, os vocais da Xunta Xeral consideraranse todos eles electores e elixibles.

### Artigo 20º.- Do cesamento do Patrón Maior.-

1. O cesamento do Patrón Maior poderase producir por acordo do pleno da Xunta Xeral adoptado antes da expiración do mandato, e irá precedido das seguintes formalidades en canto á actuación interna da Xunta Xeral:


- a) Presentarase escrito razoado no que se fundamenten os motivos da solicitude, suscrito, alomenos, pola terceira (1/3) parte dos vocais do pleno da Xunta Xeral.
- b) O Cabido reunirse en sesión extraordinaria para examina-la regularidade da petición e se a atopase conforme co previsto no apartado anterior, acordará a convocatoria do pleno da Xunta Xeral cunha antelación mínima de oito días á data da reunión.
- c) A reunión do pleno da Xunta Xeral será presidida pola persoa que lle corresponda nos termos fixados no artigo 23 do presente estatuto.
- d) A reunión terá lugar sen solución de continuidade e a votación será nominal. O Patrón Maior, por si ou por medio dun representante, poderá asistir á reunión do pleno e participar nela.
- e) Para prosperar a moción de censura requírese a súa aprobación por maioría absoluta, producíndose o cese do Patrón Maior neste suposto.

Se a votación non acadara a maioría suficiente, non poderá presentarse nova solicitude antes de transcorrer un ano.

### Artigo 21º.- Da gratificación do Patrón Maior.-

O Patrón Maior poderá recibir unha indemnización polos gastos de representación segundo o acordado pola Xunta Xeral.

Estas indemnizacións serán extensibles ó resto de membros do Cabido ou Xunta Xeral que por ser representantes da Confraría teñan que asistir a algún acto, ou





CONFRARIA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove


## ESTATUTOS

tarifa concreta, que percibirán do xeito en que acorde o Cabido ou Xunta Xeral.

### Artigo 22º.- Das funcións do Patrón Maior.-

Correspóndenlle ó Patrón Maior especificamente as seguintes funcións:

- a) A dirección e xestión da Confraría, e de tódolos seus servicios. A presidencia dos órganos de goberno e a execución dos seus acordos. O Patrón Maior poderá estar acompañado doutros membros do Cabido, do Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría, ou delegar neles dita representación en reunións ou actos diversos. Terá asemade, atribuída-las funcións de ordenación e coordinación no ámbito da Confraría, e nas relacións desta coas agrupacións que a integren, das que estimulará a acción en relación cos fins que lle están atribuídas.
- b) Convocar, presidir, suspender e levanta-las reunións dos órganos colexiados da Confraría e dirixi-las súas deliberacións, así como executar, publicar e facer cumprir-las acordos dos órganos de goberno, cando non medie causa legal de suspensión, dirixi-la discusión dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, conceder e retira-la palabra ós oradores, declarar cerrada a deliberación e someter a votación a proposta. O Patrón Maior moderará a extensión dos debates, respetando en todo caso dúas quendas a favor e outras dúas en contra das respectivas propostas.
- c) Coordina-la actuación dos membros do Cabido e demais órganos e colectivos da Confraría.
- d) Ostenta-la representación legal da Confraría e ser canle de relación da mesma con calquera outras entidades e institucións.
- e) Colaborar coas federacións nas que se integre a Confraría.
- f) Ordena-las pagos previstos nos orzamentos, así como autoriza-la disposición dos fondos existentes en entidades bancarias ou de outra índole, coa sinatura mancomunada dos responsables da xestión económica ou do Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría, ou quen acorde o Cabido, así como desenvolve-la xestión económica conforme a eles, e acorda-las gastos que non correspondan a outros órganos.
- g) Contrata-la realización de auditorías e demais estudos sobre a situación económica da Confraría.
- h) Autoriza-la disposición dos fondos existentes en entidades bancarias ou de outra índole, coa sinatura mancomunada en tódolos





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- i) casos do Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría.
- j) Incoar expedientes disciplinarios ó persoal, de conformidade coas normas reglamentarias que lle afecten.
- k) Visa-las actas das sesión da Xunta Xeral, Cabido, Agrupacións, etc...
- l) Velar polo mantemento da disciplina, vixiando o desempeño de tódolos cargos da Confraría, e mantendo o respecto e cumprimento dos acordos adoptados.
- m) Resolve-las dificultades imprevistas ou urxentes que poidan presentarse, dando conta ó Cabido ou Xunta Xeral, do acordo adoptado.
- n) E, en xeral aqueloutras funcións que lle poidan delegar ou encomendar.

### Artigo 23º.- Dos Vicepatróns Maiores.-

1. Elixiranse de entre os membros da Xunta Xeral, un pola Agrupación de traballadores e outro pola Agrupación de empresarios. Será Vicepatrón Maior primeiro o que pertenza á agrupación distinta á da procedencia do Patrón Maior. Será Vicepatrón Maior segundo o presidente da agrupación á que pertence o Patrón Maior elixido.

2. Os Vicepatróns Maiores, en función da súa orde, substituirán ó Patrón Maior nos casos de vacantes, en tanto non se proceda a unha nova elección deste, ou por ausencia ou enfermidade.

### Artigo 24º.- Da provisión de vacantes nos órganos de goberno.-

As baixas definitivas producidas entre os membros dos órganos de goberno cubriranse do seguinte xeito:

- a) Na Xunta Xeral, pola persoa da mesma agrupación e sector de produción que lle corresponda en función do número de votos obtidos no proceso electoral.
- b) No Cabido, mediante designación efectuada pola agrupación de empresarios ou traballadores que corresponda, entre os seus representates na Xunta Xeral.
- c) No caso do Patrón Maior, elixirase pola Xunta Xeral na forma prevista no artigo 19º deste estatuto.





CONFRARIA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

d) Polo que respecta ós vicepatróns maiores, actuarase de acordo co disposto no artigo 23º deste estatuto.

### Artigo 25º- Do Secretario da Xunta Xeral e do Cabido.

1. A Xunta Xeral e do Cabido contará cun Secretario que é o Secretario dos Organos de Goberno da Confraría e que será unha persoa ó servizo da Confraría. A designación do mesmo correspóndelle á Xunta Xeral.

2. Correspóndelle ó secretario:

- a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.
- b) Efectua-la convocatoria por orde do Patrón Maior, así como as citacións ós seus membros.
- c) Recibi-los actos de comunicación dos membros co órgano, e xa que logo as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escrito dos que deba ter coñecemento. Prepara-lo despacho dos asuntos e extende-las actas das sesións transcribindo no libro de actas o contido dos acordos que se acaden coa extensión necesaria para a súa posterior interpretación.
- d) Expedir certificacións das consultas, dictámenes e acordos aprobados
- e) Exerce-la xefatura do persoal laboral.
- f) Custodiar e vixiar o libro de actas da Confraría.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario dos órganos de goberno, ou lle sexan encomendadas acorde có seu cargo.

### Artigo 26º.- Da Comisión Xestora.-

1. No suposto da demisión da maioría dos membros da Xunta Xeral, entenderanse disoltos os órganos de goberno da Confraría, debendo o seu secretario comunicalo a Administración no prazo máximo de cinco días naturais.

2. Neste caso, a Consellería competente en materia de pesca designará unha Comisión Xestora entre os socios da Confraría, composta por cinco membros, dos que un será o traballador máis antigo da Confraría, outro o empresario máis antigo na Confraría, un terceiro que será o secretario dos órganos de goberno e outros dous por proposta da federación provincial. En ningún caso poderán formar parte da comisión xestora os membros dos órganos de goberno.







CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

3. Esta comisión xestora constituirase no prazo máximo de quince días a contar dende que a Consellería teña coñecemento da demisión da maioría dos membros da Xunta Xeral.
4. Os membros da comisión elixirán de entre eles a un presidente. Actuará como secretario o dos órganos de goberno.
5. Son funcións da Comisión Xestora:
  - a) A convocatoria de eleccións xerais nun prazo máximo de cinco días a contar desde a súa constitución.
  - b) Adopta-las decisións ordinarias necesarias para o normal funcionamento da Confraría ata a toma de posesión dos novos órganos de goberno.

### Artigo 27º.- Asamblea Xeral

No primeiro trimestre do ano deberá ser convocada unha assemblea, informativa e sen facultades decisorias, de tódolos membros da Confraría, baixo a presidencia e dirección do Patrón Maior, na que se dará conta do exercicio económico anual, do proxecto de orzamento, das actuacións levadas a cabo e dos proxectos que se van desenvolver, así como de todas aquelas cuestións de transcendencia para a Confraría.

### Artigo 28º.- Das Seccións.-

1. Cando a Confraría leve a cabo actividades de organización e comercialización da produción, poderá estruturarse en dúas Seccións que se denominarán de "orientación", que existirá en todo caso, e de "organización da produción".
2. Á Sección de orientación correspóndenlle as funcións recollidas no artigo 4º.1 deste estatuto e os apartados a) b) c) e j) do apartado 2 do mesmo artigo.
3. Á Sección de organización da produción correspóndenlle as funcións recollidas no artigo 4º.2, agás os apartados a) b) c) e j) deste estatuto e ademáis darlle saída por medio da Sección, se así se atopa necesario ó produto ou conxunto de produtos explotados polos seus membros, como tamén a de adopta-las medidas oportunas para garanti-lo exercicio racional da pesca e as condicións de venda da produción.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

4. Á Sección de organización da produción contará con órganos diferenciados e establecerá as súas propias normas de funcionamento sen prexuízo de someterse ás recollidas con carácter xeral por este estatuto.

5. Cada Sección terá un responsable encargado de Xestión económica, nomeado pola Xunta Xeral a proposta do Cabido, en todo caso as seccións, así como os seus responsables estarán suxeitas a superior derección e control do Cabido, do Patrón Maior e baixo a supervisión do Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría. A sección de organización da produción deberá constituirse segundo o disposto no artigo 8º.2 do Decreto 261/02, de 30 de xullo.

6. A xestión das seccións que se constituían corresponde o xerente no caso de que exista.

### Artigo 29º.- Das Agrupacións.-



1. Para acadar unha mellor consecución dos seus fins, os membros da Confraría poderán formar, dentro dela agrupacións sectoriais. Pódense constituír na Confraría agrupacións formadas por colectivos de traballadores ou empresarios que se adiquen o mesmo sector da produción. Son sectores da produción:

- marisqueo a pé
- marisqueo dende embarcación
- recursos específicos
- pesca baixura
- pesca altura e grande altura
- outros.

2. Constituída unha agrupación integraranse nela a totalidade dos membros da Confraría dese sector da produción.

3. As agrupacións terán como obxectivo organiza-los traballos dos membros de cada sector, facendo propostas ós órganos de goberno da Confraría sobre os plans de traballo, de comercialización e calquera outro que consideren beneficioso para o sector, correspondéndolle-la levanza deses plans, sen prexuízo da competencia atribuída legal e estatutariamente ós órganos de goberno da Confraría.

4. Os regulamentos de réxime interior, ademáis de ser aprobados pola asamblea da agrupación que se constitue, deberán ser ratificados polo pleno de Xunta Xeral da Confraría.





CONFRARIA DE PESCADORES  
San Martín  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 30º.- Procedemento:

Para a válida constitución dunha agrupación o procedemento será o seguinte:


a) Comunicación ó Patrón Maior por escrito da vontade de constituír unha agrupación profesional no seo da Confraría, que deberá ir asinada, alomenos, por 6 traballadores ou empresarios do sector.

b) O Patrón Maior unha vez recibido o escrito deberá convocar a unha Xuntanza a tódolos membros da Confraría que se dediquen á actividade do sector da produción que se vai agrupar. Esta xuntanza deberá celebrarse no prazo máximo de 15 días naturais contados dende o día seguinte á presentación do escrito recollido na liña a) deste artigo. A convocatoria exporase no taboleiro de anuncios da Confraría, podendo participar na xuntanza, única e exclusivamente, os membros da Confraría integrantes do colectivo que se pretende agrupar, debendo ser comprobada tal condición polo secretario dos órganos de goberno mediante o correspondente censo que se deberá elaborar con tal motivo.

c) Transcorrido o prazo anterior sen que o Patrón Maior realizase os trámites establecidos, poderán directamente os promotores da agrupación realiza-la convocatoria da xuntanza que deberá celebrarse no prazo de 7 días naturais contados a partir do día seguinte ó do cumprimento do prazo establecido na liña b) deste artigo. Neste suposto, a convocatoria deberá ser exposta polo secretario dos órganos de goberno no taboleiro de anuncios da Confraría e naqueles lugares que os promotores estimen oportunos, debendo o secretario facilitarlles ós promotores da agrupación un censo dos membros do sector correspondente.

d) Na xuntanza convocada, que deberá estar presidida polo Patrón Maior, ou, de se-lo caso, polos promotores da agrupación, acordarase a constitución ou non da agrupación. Este acordo requirirá o voto favorable dos dous tercios dos membros do sector asistentes á xuntanza, sempre que representen, alomenos, a metade dos membros do sector. Da citada xuntanza levantará acta o secretario dos órganos de goberno da Confraría ou a persoa designada para o efecto entre os presentes, na que deberá xuntarse unha copia do censo, número de persoas asistentes, número de votos emitidos, o sentido destes e todos aqueles aspectos que se consideren de interese.

e) No suposto de que o resultado sexa o de constituír unha agrupación, elevarase tal acordo á Xunta Xeral da Confraría para a súa ratificación, no primeira reunión que se convoque.






CONFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- f) Celebrada a Xunta Xeral, o secretario dos órganos de goberno deberá remitir á Consellería competente en materia de pesca un certificado sobre o acordo da Xunta Xeral e toda a documentación relativa ó proceso de constitución da agrupación no prazo máximo de cinco días naturais dende a celebración da Xunta Xeral.
- g) Recibida a documentación contemplada no parágrafo anterior, a Consellería ratificará a constitución da agrupación, inscribíndoa no rexistro de Confrarías no folio aberto á Confraría de orixe.
- h) Ratificada a constitución da agrupación, a Consellería designará, por proposta da Confraría, e de entre os membros do colectivo constituído, unha comisión xestora composta por cinco membros que terá como misión, única e exclusivamente, a prevista no artigo 26.5.a) do presente estatuto.
- i) Constituídos os órganos rectores da agrupación, correspóndelle á xunta directiva resultante a elaboración, no prazo de 7 días hábiles, do regulamento de réxime interior, que deberá ser sometido á aprobación da asemblea xeral, precisando o apoio dos dous tercios dos membros presentes, sempre que representen, alomenos, a metade dos membros da agrupación.
- j) Aprobado o regulamento, este remitirase á Xunta Xeral da Confraría para que, na súa primeira reunión, o ratifique.
- k) Celebrada a Xunta Xeral, no prazo de cinco días naturais, o secretario dos órganos de goberno, deberá remitir á Consellería tres copias do regulamento aprobado pola asemblea xeral e certifica-lo cumprimento dos trámites anteriores, así como as posibles alegacións realizadas pola Xunta Xeral ó regulamento aprobado pola asemblea do sector.
- l) Recibida toda a documentación anterior, a Consellería resolverá aprobando o regulamento no prazo máximo de 7 días hábiles, facendo indicación, no caso de ser necesario, das modificacións necesarias para adapta-lo regulamento á normativa vixente e ós estatutos da Confraría.
- m) Aprobado o regulamento procederase á súa inscrición no rexistro de Confrarías.

### Artigo 31º.- Órganos rectores das agrupacións:

Son órganos rectores das agrupacións:





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS


- a) A asemblea xeral, constituída pola totalidade dos membros da agrupación.
- b) A xunta directiva, constituída por cinco vocais elixidos entre os membros da asemblea xeral e un Secretario que será o dos Órganos de Goberno da Confraría.
- c) O presidente, que será elixido entre os membros da asemblea xeral.

### Artigo 32º.- Normas de aplicación e regulamento de réxime interior.

1. As agrupacións rexeranse polo Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarías de pescadores e as súas federacións, polos estatutos da Confraría e polo seu regulamento de réxime interior. En todo caso, a súa actuación estará suxeita ós principios de observancia da legalidade e democracia na súa estrutura interna e funcionamento.
2. O réxime interno de funcionamento de cada agrupación virá determinado polo seu regulamento, que deberá conter como mínimo: órganos de goberno, dereitos e deberes dos socios, réxime disciplinario, procedemento electoral e causas de disolución.

### Artigo 33º.- Da ordenación e coordinación das agrupacións.

1. As agrupacións formadas na Confraría, deberán mante-la necesaria coordinación, sin prexuízo da súa autonomía, para o cumprimento das súas funcións propias e específicas.
2. As funcións de ordenación referidas ás agrupacións, exerceranse mediante os contidos que determine o Cabido e Xunta Xeral da Confraría.
3. As agrupacións deberán notificar ó Patrón Maior da Confraría, con tres días de antelación como mínimo, as reunións que vaian a celebra-los seus órganos de goberno. Asemade, daranlle traslado das actas correspondentes no menor tempo posible.
4. As reunións dos órganos de goberno da agrupación estarán presididas polo Patrón Maior e polo Secretario dos órganos de Goberno da Confraría, que poderá delegar nalgún dos Vicepatróns Miores ou no presidente da agrupación.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### CAPITULO V

#### DOS ACORDOS, ALCANCE E OBRIGATORIEDADE DOS MESMOS

##### Artigo 34º.- Da actuación dos órganos rectores.-

Os órganos rectores da Confraría axustarán a súa actuación ó disposto neste estatuto e ós seus acordos validamente adoptados, en canto non contradigan as disposicións legais.

##### Artigo 35º.- Deliberación e acordos.-

Correspondelle ó Patrón Maior de Confraría dirixi-la discusión dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, conceder e retirar-la palabra ós oradores, declarar cerrada a deliberación e someter a votación as propostas.



O Patrón Maior moderará a extensión dos debates na Xunta Xeral ou no Cabido, respetando en todo caso dous turnos a favor e outros dous en contra das respectivas propostas.

A liberdade de opinión que se recoñece a tódolos membros dos órganos rectores non protexe as manifestacións, actos ou palabras inxuriosas ou gravemente ofensivas para as persoas e institucións.

Aqueles que incorran nas devaditas faltas serán amoestados pola presidencia, que poderá retirarlle-lo uso da palabra e incluso expulsalos do local, sen prexuício das medidas doutra orde a que houbera lugar.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos vocais asistentes, salvo que a natureza do asunto requira e esixa, por precepto legal ou estatutario, quórum especial ou unha maioría cualificada. En caso de empate repetirase a votación e de persistir, decidirá o voto de calidade do Patrón Maior. Rematada-las votacións o Patrón Maior proclamará o resultado e os acordos que se adoptaron.

Cando o aconselle a especial delicadeza do tema ou a significación das persoas afectadas, ó igual que nos casos donde afecte dun xeito directo a membros do Cabido e da Xunta Xeral (parentescos familiares, con propiedade, etc...), procederase por parte destes a abandoa-la reunión permitíndose con ~~anterioridade~~ o tramite de





CONFRARÍA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

audiencia, e sempre ó abeiro do establecido na normativa de normal e pertinente aplicación.

A efectos de divulgación e publicación das disposicións, actos e acordos dos órganos rectores da Confraría, estarase ó establecido nas disposicións de carácter xeral, coas seguintes particularidades:

- A publicación no taboleiro de anuncios do extrato dos acordos manterase por un período de quince días a partir das datas da súa adopción ou ratificación.
- Cando os órganos rectores así o acorden, facilitarán nota ós medios de comunicación social sobre os seus acordos ou directrices validamente adoptados.

### Artigo 36º.- Das reunións.-

As reunións dos órganos rectores poden ser ordinarias e extraordinarias.

A asistencia ás reunións é obrigatoria. As reunións celebraránse sempre no domicilio social da Confraría, salvo que se dispoña outra cousa na convocatoria.

### Artigo 37º.- Das reunións extraordinarias.-

As reunións extraordinarias do pleno da Xunta Xeral celebraranse cando o acorde o Patrón Maior ou o Cabido. As do Cabido cando o decida o Patrón Maior.

Tamén se celebrarán reunións extraordinarias, cando o soliciten, mediante escrito razoado, un tercio dos compoñentes dos respectivos órganos rectores ou calquera dos presidentes das agrupacións que forman a Xunta Xeral.

O Patrón Maior efectuará a convocatoria no prazo de dez días ou comunicaralles ós interesados, no mesmo prazo, os motivos que impiden a súa celebración.

### Artigo 38º.- Do prazo para as convocatorias das reunións.-

As reunións convocaranse, de acordo co disposto no artigo 25º.b do estatuto, cun mínimo de sete días para a Xunta Xeral e de dous días para o Cabido; as convocatorias das reunións de urxencia faránse co tempo necesario para notificarllelo persoalmente a cada membro.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 39º.- Das reunións non estatutarias.-

O Patrón Maior por propia iniciativa ou mediante acordo de calquera dos órganos rectores, poderá convocar reunións ou asembleas dunha determinada agrupación, cando así o requira a peculiar natureza dos temas da convocatoria, e designar, se é o caso, quen deba presidilas por delegación.

## CAPITULO VI

### DO PROCESO ELECTORAL

#### Sección 1ª: Normas Electorais Xerais

### Artigo 40º.- Duración do mandato electoral

1. A duración do mandato dos órganos rectores da Confraría será de catro anos, podendo ser reelixidos por períodos de igual duración.
2. O prazo de catro anos empezará a contar desde o día seguinte ó da toma de posesión dos vocais da Xunta Xeral da Confraría.


### Artigo 41º.- Eleccións anticipadas

Poderanse celebrar eleccións anticipadas para a renovación dos órganos de goberno da Confraría nos seguintes supostos:

- a) Petición por escrito asinada polos dous tercios (2/3) dos membros da Confraría.
- b) Acordo dos dous tercios (2/3) dos membros da Xunta Xeral.

### Artigo 42º.- Convocatoria

1. Cun mes de antelación ó remate do mandato dos órganos rectores, a Xunta Xeral acordará a celebración de eleccións, agás no caso de eleccións anticipadas. Neste derradeiro suposto, o acordo deberase adoptar no prazo máximo de sete días dende a presentación do escrito asinado polos membros da Confraría ou na mesma xuntanza onde os dous tercios dos membros da Xunta Xeral acorden anticipa-las eleccións.







CONFRARIA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

2. Durante o proceso electoral os órganos rectores estarán en funcións, podendo realizar unicamente actos de mero trámite ou de xestión ordinaria, concluíndo os seus mandatos coa toma de posesión dos vocais electos.

3. Transcorrido o prazo de catro anos sen que se convoquen ou celebren eleccións quedará extinguido automaticamente o mandato dos órganos rectores e a convocatoria de eleccións será realizada pola comisión xestora designada pola Consellería competente en materia de pesca de acordo co artigo 88 do Decreto 261/2002 de 30 de xullo.

### Artigo 43º.- Electores

a) Poderán ser electores as persoas que reúnan os seguintes requisitos:


1. Ter 18 anos cumpridos o día en que se celebren as votacións.
2. Ser membro da Confraría e estar incluído no censo electoral.
3. Non estar inhabilitado por norma legal, estatutaria ou resolución firme de órgano competente.

Para os efectos dos procesos electorais, aquel afiliado que durante o mandato electoral desenvolvera a súa actividade en máis dun sector, entenderase que pertence ó sector no que permaneceu máis tempo no ano anterior ás eleccións, salvo que solicite por escrito a súa inclusión noutro sector dos que formou parte.

#### 1. Elixibles

Poderán ser elixibles as persoas que, ademais de reuni-la condición de elector, cumpran os seguintes requisitos:

1. Saber ler e escribir.
2. Acreditar no período inmediato anterior á convocatoria, un mínimo de dous anos de antigüidade e actividade profesional na Confraría, estando ó día no pagamento das obrigas económicas con ela. Non se esixirá o requisito da antigüidade cando o número de candidatos non sexa suficiente para cubri-las prazas de vocais da Xunta Xeral.
3. Non estar inhabilitado para o exercicio de cargo representativo por norma legal, estatutaria ou por resolución firme do órgano competente.
4. Non desempeñar outra actividade profesional principal distinta á de empresario ou traballador do sector extractivo.
5. Ser proposto por 2 socios.
6. Ser proclamado candidato.





CONFRARÍA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

### 2. Inelixibles:

Poderán ser inelixibles as persoas que, ademáis de reuni-la condición de elector, cumbran os seguintes requisitos:

- a) Os que carezan de título administrativo habilitante para o exercicio da actividade extractiva.
- b) Os que estén en situación de xubilación.


3. A cualificación de inelixible procederá, respecto dos que incorran nalgunha das causas indicadas, o mesmo día da presentación de candidatura ou en calquera momento posterior ata a celebración de eleccións.

4. As causas de inelixibilidade tamén o son de incompatibilidade. Producida a incompatibilidade, decaerán na súa condición, debendo ser ocupada a súa praza na Xunta Xeral no prazo de cinco días naturais polo primeiro candidato en número de votos non electo, e así sucesivamente. No caso de non cubrirse a vacante polo procedemento anterior, deberá procederse a convocatoria de eleccións parciais para a cobertura da vacante, nun prazo máximo de cinco días. Transcorrido o citado prazo sen que se convoquen eleccións polo órgano competente aplicarase o disposto no artigo 88 do Decreto 261/2002 de 30 de xullo para a designación dunha comisión xestora ca única misión de convocar e celebrar eleccións no prazo dun mes.

### Artigo 44º.- Sistema electoral

A elección a membros da Xunta Xeral rexerese polo disposto nas liñas seguintes:

- a) Cada elector poderá da-lo seu voto a un número máximo de vocais atribuídos pola comisión electoral ó sector de produción á que pertenza.
- b) Serán proclamados electos aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos, ata completa-lo de vocais atribuídos a cada sector de produción de cada agrupación. No caso de empate resolverase a favor do socio de maior antigüedad na Confraría; no caso de persistir este, a favor do de maior idade e, se fose necesario, resolverase por sorteo.
- c) En caso de falecemento, incapacidade ou renuncia dun vocal da Xunta Xeral, a súa vacante cubrirase de conformidade co apartado 4 do artigo anterior.





CONFRARIA DE PESCADORES  
*'San Martín'*  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 45º.- Listas electorais.

1. As eleccións para a renovación dos órganos rectores desenvolveranse presentando dúas listas separadas, unha para a agrupación de traballadores e outra para a agrupación de empresarios.
2. A distribución de vocais entre a agrupación de traballadores e de empresarios respetará, sempre que sexa posible, a paridade.
3. Cando unha agrupación non conte co número suficiente de afiliados para cubri-las vacantes de vocais, estas prazas acumularanse á outra agrupación.
4. En cada candidatura de agrupación deberá existir alomenos, un representante por cada sector da produción integrado na agrupación; distribuíndose pola comisión electoral o número de vocais de xeito proporcional ó número de afiliados cos que conte cada sector, debendo constar tal distribución no plan e normas electorais.


### Artigo 46º.- Paralización do proceso electoral.

1. As resolucións da Consellería competente en materia de pesca anulando as eleccións dunha agrupación paralizará o proceso electoral sen invalida-la elección da outra agrupación.
2. A comisión electoral introducirá no plan electoral as modificacións que sexan necesarias para continua-lo proceso electoral e unha vez aprobadas e rectificadas as irregularidades que motivaron a paralización continuarase coa elección a partir do acto que ordene a Consellería.

### Sección 2ª: Preparación do Proceso Electoral

### Artigo 47. Da Comisión Electoral.

1. Unha vez acordada a celebración de eleccións, no prazo máximo de 5 días constituirase a comisión electoral.
2. A Comisión Electoral estará formada por un presidente, catro vocais e polo secretario dos órganos de goberno da Confraría. Os vocais serán designados pola Xunta Xeral de entre os seus membros, dous por agrupación, debendo designa-lo mesmo número de suplentes. En caso de empate, o voto do presidente será dirimente.





CONFRARIA DE PESCADORES  
San Martiño  
O Grove

## ESTATUTOS

3. Non poderán formar parte da comisión electoral os membros da Xunta Xeral que se presenten como candidatos nalgunha das listas. A aceptación da condición de membro da comisión electoral implica a renuncia a formar parte das candidaturas.
4. No suposto de que non se puidera constituir parcial ou totalmente a comisión electoral, a Xunta Xeral designará os membros desta entre os afiliados da Confraría.
5. Compételle á Comisión Electoral.
  - a) Elabora-lo plan, normas e calendario electoral.
  - b) Exposición do censo electoral e resolve-las reclamacións que se presenten.
  - c) Designa-los compoñentes da mesa electoral.
  - d) Aprobar e proclama-las candidaturas e resolve-las reclamacións sobre estas.
6. A comisión electoral será a encargada de confecciona-las papeletas e sobres electorais. As papeletas confeccionaranse distinguindo con claridade as que correspondan a unha agrupación e a outra, mediante a utilización de distintos cores. Asemade, a comisión electoral será a encargada de prepara-lo colexio electoral, as urnas e, en xeral, toda a organización do material electoral.

### Artigo 48º.- Plan e normas.

1. A comisión electoral elaborará as normas e o plan electoral no prazo máximo de 5 días dende a data da súa constitución e someterao a aprobación do Cabido, quen o remitirá a Consellería competente en materia de pesca para a súa ratificación, no prazo máximo de cinco días.
2. A ratificación do plan e normas comunicáraselle ó presidente da comisión electoral. O secretario da comisión electoral expoñerá no taboleiro de anuncios o plan e as normas electorais durante tódolo proceso electoral, retirándoos cando tome posesión a totalidade dos membros dos órganos de goberno da Confraría.
3. O plan e as normas desenvolverán as diversas fases do proceso electoral reguladas neste capítulo, contendo, como mínimo, os seguintes aspectos:
  - a) Os prazos para o exercicio do voto por correo.
  - b) Os prazos para a exposición do censo e a presentación de reclamacións a el.
  - c) Os prazos para a presentación de candidaturas e proclamación destas.
  - d) O día das votacións, tempo de duración e lugar.





CONFRARIA DE PESCADORES  
*'San Martiño'*  
*O Grove*

## ESTATUTOS

e) O día de proclamación de candidatos elixidos e o da constitución dos órganos rectores.

4. Os prazos sinalados poderán modificarse pola comisión electoral logo de autorización da Consellería.

### Artigo 49º.- Censo electoral.

1. Dentro dos dous días naturais seguintes á data de ratificación do plan, normas e calendario electoral, a comisión electoral expoñerá, por un período de 15 días, o censo de afiliados elaborado con anterioridade e que deberá ser facilitado polo secretario dos órganos de goberno da Confraría. Durante este prazo, os afiliados poderán efectuar reclamacións sobre a súa inclusión ou exclusión.

2. A comisión electoral deberá resolver as reclamacións no prazo de dous días contados dende a finalización do período de exposición ó público do referido censo. Contra a resolución das reclamacións poderá interpoñerse recurso ante o conselleiro competente en materia de pesca, nun prazo de 5 días naturais a partir da notificación. Resoltas as reclamacións en vía administrativa o censo de afiliados convertirase en censo electoral, sen que nun momento posterior se poida impugnar.

### Artigo 50º.- Voto por correo.


Os electores poderán exercita-lo seu dereito ó voto por correo de acordo co seguinte procedemento:

1. A papeleta de voto introducirase nun sobre da agrupación á que pertenza o elector.

2. O sobre contendo a papeleta introducirase, xunto coa fotocopia compulsada do documento nacional de identidade, pasaporte ou permiso de conducir, polo secretario da comisión electoral, noutro sobre que será enviado ó presidente da mesa electoral.

3. O prazo de solicitude do voto por correo iniciarase unha vez resoltas as reclamacións sobre o censo e o prazo para que a comisión reciba os votos finalizará 24 horas antes das votacións.

4. O voto persoal terá preferencia e anulará o voto emitido previamente por correo.





CONFRARIA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove


## ESTATUTOS

### Artigo 51º.- Da mesa electoral.

1. A comisión electoral designará os compoñentes da mesa electoral e os suplentes e notificarálle-la designación, que deberá ser aceptada por escrito.
2. A mesa electoral estará formada por un presidente e catro membros, dos que dous serán os traballadores de maior e menor idade do censo, e os outros dous, os armadores que reúnan iguais características, así como o secretario dos órganos de goberno da Confraría. Asemade, designaranse dous suplentes por cada agrupación, que serán os traballadores e armadores que sigan en idade ós membros da mesa.
3. Será nomeado presidente o Patrón Maior, sendo dirimente o seu voto en caso de empate. Designaranse suplentes ós Vicepatróns.
4. No suposto de que algún membro da mesa electoral se presente como candidato, deberá renunciar a formar parte da mesa, para os efectos de designa-lo primeiro suplente no seu lugar. A aceptación da condición de membro da mesa implicará a renuncia a ser candidato.
5. A mesa constituirase o día da votación unha hora antes da apertura do colexio electoral e será a encargada de dirixi-la votación, vixia-la súa regularidade, realiza-lo escrutinio e velar pola legalidade do sufraxio. No caso de ausencia ou enfermidade do presidente, substituirao o primeiro suplente. En caso de que este tampouco compareza, substituirao o segundo suplente, e se este tampouco comparece, tomará posesión o primeiro vocal. Os vocais que non se presenten ou tomen posesión serán substituídos polos suplentes.
6. Non poderá constituírse a mesa electoral sen a presenza do presidente e catro vocais e o secretario. No caso de que non se poida cumprir este requisito, poderán formar parte da mesa algúns dos electores que estean no local, sempre que non sexan candidatos.
7. A mesa electoral contará con dúas urnas, unha para a agrupación de empresarios e outra para a agrupación de traballadores.

### Artigo 52º.- Secretario da comisión e da mesa electoral

1. Será secretario da comisión e da mesa electoral o secretario dos órganos de goberno da Confraría.





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

2. O secretario citará os membros da comisión e da mesa electoral para a súa constitución, e velará polo control da legalidade das actuacións de ambas, e en particular do proceso electoral no día das votacións, realizando as reservas legais nos supostos de transgresión daquela, que deberán reflectirse en acta.
3. O secretario remitirá á Consellería competente en materia de pesca, no prazo de tres días, tódalas actas que levante a comisión e a mesa electoral. As actas das votacións remitiranse no prazo das vinte e catro horas seguintes á celebración destas.
4. As funcións anteriores soamente as poderá desempeña-lo secretario dos órganos de goberno, agás no caso de enfermidade, ausencia ou vacante, nos que poderá ser substituído nas súas funcións por quen sexa habilitado pola comisión electoral, dando conta deste cambio, no prazo de 24 horas, á Consellería.

### Artigo 53º.- Interventores.

1. Cada candidato poderá nomear un interventor que deberá ser acreditado como tal pola comisión electoral cunha antelación de 48 horas á celebración das eleccións. Esta acreditación deberá presentarse ante a mesa electoral.
2. Os interventores poderán asistir á mesa electoral, participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto e exercer ante ela os dereitos inherentes á súa función, debéndose recoller en acta as alegacións que fagan.
3. O día das votacións os interventores poderán examina-lo censo que utilizará a mesa electoral.

### Artigo 54º.- Publicidade institucional

A Confraría poderá realizar publicidade para promover a participación dos electores durante o proceso electoral e ata as 24 horas antes do día fixado para a celebración das eleccións, que en ningún caso influirá na orientación do voto dos electores.

### Sección 3ª: Desenvolvemento do Proceso Electoral

### Artigo 55º.- Confección das candidaturas

1. As candidaturas para participar no proceso electoral presentaranse ante a comisión electoral dentro dos quince días naturais seguintes ó da publicación do censo definitivo.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

2. As candidaturas para vocal da Xunta Xeral son individuais para efectos de votación e escrutinio, aínda que poden agruparse en listas a efectos de presentación e campaña electoral.

3. O escrito de presentación de cada candidato deberá expresar claramente o sector de produción da agrupación, indicando o seu nome, apelidos e DNI.

### Artigo 56º.- Proclamación de candidaturas.

1. Rematado o prazo de presentación de candidaturas, a comisión electoral publicaraas no taboleiro de anuncios da Confraría e comprobará no prazo de dous días naturais, o cumprimento dos requisitos para a súa proclamación. A comisión comunicará ós candidatos as irregularidades detectadas, concedendo un prazo de dous días para a súa subsanación.

2. Recibidas as alegacións a comisión resolverá sobre elas no prazo de dous días naturais.

3. Resoltas as alegacións, a comisión electoral procederá a proclamación de candidatos. As candidaturas proclamadas deberán ser obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da Confraría.



4. No prazo de 5 días naturais dende a proclamación de candidatos, poderase interpoñer recurso contra o acordo da comisión electoral ante a Consellería competente en materia de pesca, que resolverá no prazo de 5 días. A partir da proclamación definitiva das candidaturas comezará a campaña electoral, que rematará ás cero horas do día inmediatamente anterior á votación.

5. Se o número dos candidatos presentados coincidise co número de membros que hai que elixir por cada un dos sectores profesionais, non será necesario proceder á elección, sendo proclamados pola comisión electoral membros da Xunta Xeral.

6. De non presentarse candidaturas a vocais da Xunta Xeral, declararase elixibles a tódolos membros da Confraría incluídos no censo electoral que cumplan os requisitos establecidos no artigo 38.

### Artigo 57º.- Celebración das votacións

1. O día indicado no plan, que deberá estar comprendido no prazo dos dez días dende a proclamación definitiva de candidatos, celebrarase a elección dos membros da Xunta Xeral.








CONFRARIA DE PESCADORES

'San Martiño'

O Grove

## ESTATUTOS

2. Reunida a mesa electoral o día fixado para as votacións, estas non poderán iniciarse sen que previamente se levante a acta de constitución da mesa, na que deberán constar os seus membros e a relación nominal dos interventores.
3. A votación durará dende as nove horas ata as vinte horas, salvo que no plan se sinala outro horario para facilitala maior presenza de votantes. Unha vez iniciada non poderá suspenderse, salvo por razóns de forza maior, sempre baixo a responsabilidade do presidente da mesa electoral.
4. No caso de suspensión levantarase a correspondente acta, que será remitida no prazo de dous días naturais á Consellería competente en materia de pesca, e a comisión propondrá unha nova data de votacións.
5. O dereito a votar acreditarase pola inscrición do elector no censo electoral. O voto será secreto. Os electores depositarán o seu voto na urna correspondente mediante unha papeleta dobrada e introducida nun sobre.
6. O secretario da mesa electoral anotará os electores que voten, con indicación do número co que figure o elector no censo, así como o seu documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir con foto, cando se trate de persoa física e a representación coa que intenta exercer o seu dereito, asemade, se se trata dunha persoa xurídica.
7. O presidente da mesa electoral será o encargado de velar para que a entrada ó local das votacións sexa libre, de mante-la orde nel durante a votación e escrutinio e de asegura-la liberdade dos electores no local convertido para ó efecto en colexio electoral.
8. Unicamente terán entrada no local electoral os electores, os membros das candidaturas así como os seus interventores, os notarios requiridos para dar fe de calquera extremo da votación, os axentes da autoridade requiridos polo presidente da mesa electoral e o persoal da Confraría expresamente autorizado ó efecto pola mesa electoral. Unha vez realizada a votación, os electores deberán abandonar o local electoral.
9. O presidente da mesa electoral, previa consulta co resto dos compoñentes da mesa, poderá expulsar do colexio electoral a calquera persoa que interfira a boa marcha das votacións.





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 58º.- Escrutinio.

1. Rematado o período sinalado para a votación, o presidente da mesa electoral anunciará que vai remata-la mesma e preguntará se algún dos electores presentes non votou, admitíndose os votos que se dean a continuación e non se permitirá a ninguén máis a entrada no local.
2. Acto seguido, o presidente introducirá na urna os sobres que conteñan as papeletas remitidas por correo, logo de comprobar que non exerceron o voto persoalmente. Finalmente votarán os membros da mesa e os interventores, sempre que teñan dereito, declarándose pechada a votación.
3. Declarada pechada a votación, comezará inmediatamente o escrutinio, cometido que corresponde exclusivamente á mesa electoral. Concluído o escrutinio, que non poderá ser interrompido, extenderase a oportuna acta, asinada por tódolos compoñentes da mesa electoral. Os interventores asinarán potestativamente, agás no caso que quixeran facer constar na acta observacións, debendo, neste último caso, asinar obrigatoriamente.
4. Na acta figurarán, obrigatoriamente, os seguintes extremos:
  - a) Número de electores inscritos no censo.
  - b) Número de votos emitidos.
  - c) Votos declarados nulos, en branco e válidos.
  - d) Número de votos obtidos por cada candidato.
  - e) Observacións presentadas ante a mesa electoral sobre a votación e escrutinio polos representantes das listas, membros das candidaturas, interventores e electores.
  - f) Resolucións motivadas da mesa electoral sobre as observacións presentadas, cos votos particulares se os houbera.

5. As actas serán entregadas, dentro do día seguinte hábil, polo secretario da mesa electoral á comisión electoral e á Consellería competente en materia de pesca. Estas actas serán expostas no taboleiro de anuncios da Confraría durante dous días naturais, nese prazo poderase presentar reclamación ante a comisión electoral, que resolverá no prazo de dous días. Contra a resolución da comisión electoral, dentro dos dous días seguintes á súa notificación, cabe recurso ante a Consellería, que resolverá no prazo de 5 días.





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Sección 4ª: Constitución dos órganos rectores

#### Artigo 59º.- Proclamación dos membros da Xunta Xeral

1. Dentro dos seis días naturais seguintes á resolución dos recursos contra as actas, a comisión electoral proclamará os membros que formarán parte da Xunta Xeral.
2. Contra o acordo de proclamación efectuado pola comisión electoral, poderase interpoñer, no prazo de tres días naturais, recurso ante a Consellería competente en materia de pesca, que resolverá nun prazo de 5 días.

#### Artigo 60º.- Constitución da Xunta Xeral.

Os membros electos das candidaturas tomarán posesión dos seus cargos de vocais da Xunta Xeral na sede da Confraría, no prazo de dez días desde a súa proclamación.

#### Artigo 61º.- Elección do Patrón Maior, Vicepatrón Maior primeiro e segundo e Cabido.

1. Os candidatos a Patrón Maior deberán presenta-la súa candidatura no prazo de dous días dende a constitución da Xunta Xeral. Dita candidatura deberá ir avalada por dous membros da Xunta Xeral. Cada vocal só poderá avala-la proposta dun candidato.
2. Ó día seguinte da data de remate de presentación de candidaturas, a comisión electoral procederá á proclamación de candidatos a Patrón Maior, expoñendo no taboleiro de anuncios dita candidatura, por un prazo de dous días, podéndose presentar, nese prazo de exposición, reclamación ante a comisión electoral que resolverá no prazo de dous días. Contra isa resolución, e no prazo de dous días desde a súa notificación, caberá interpoñer recurso ante a Consellería competente en materia de pesca, que se resolverá nun prazo de cinco días.
3. A mesa electoral será a mesma cá constituída para a elección de vocais da Xunta Xeral.
4. Ós dez días da presentación da candidatura procederase polos vocais da Xunta Xeral á elección do Patrón Maior, por maioría simple en primeira volta. No caso de empate, repetiranse as votacións en segunda volta; de manterse aquel, resolverase a favor do de maior antigüidade na Confraría e no caso de persisti-lo empate, a favor do de maior idade.





CONFRARÍA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

5. Elixido o Patrón Maior, o primeiro suplente da agrupación á que pertenza o Patrón Maior entrará a formar parte da Xunta Xeral. A Xunta Xeral elixirá, a continuación, de entre os seus membros ós Vicepatróns maiores primeiro e segundo e ós vocais do Cabido, respetando a paridade e proporcionalidade que se estableceu para a Xunta Xeral.

6. Rematadas as eleccións a Patrón Maior e vocais do Cabido, e levantada a acta correspondente polo secretario da mesa, esta expoñerase no taboleiro de anuncios da Confraría durante dous días naturais, podéndose presentar nese prazo de exposición reclamación ante a comisión electoral que resolverá no prazo de dous días. Contra esa resolución, e no prazo de dous días dende a súa notificación, caberá interpoñer recurso ante a Consellería competente en materia de pesca, que se resolverá nun prazo de cinco días.

7. Resoltos os recursos a comisión electoral proclamará o Patrón Maior e os vocais do Cabido nun prazo de dous días naturais dende a notificación das resolucións.

### Artigo 62º.- Toma de posesión do Cabido, Patrón Maior e Vicepatrón Maior primeiro e segundo.

1. Dentro do prazo dos dous días da proclamación prevista no artigo anterior, procederase á toma de posesión e constitución dos postos de Patrón Maior, Vicepatrón Maior primeiro e segundo e vocais do Cabido.

2. Previo ó acto de toma de posesión poñeranse a disposición do Cabido entrante os libros de actas da Confraría correspondentes ó mandato electoral inmediatamente anterior, así como os estados financeiros da Confraría na data da convocatoria do proceso electoral, xunto coa liquidación do orzamento na dita data.

3. Desta toma de posesión e constitución levantará a correspondente acta o secretario da comisión electoral, quen as remitirá, xunto con toda a documentación do proceso electoral, á Consellería competente en materia de pesca.

### Artigo 63º.- Disolución da comisión electoral.

Unha vez constituídos tódolos órganos de goberno da Confraría entenderase disolta a comisión electoral, o seu secretario levantará acta na que faga consta-la data da disolución e na que figurarán as sinaturas do presidente e secretario.





CONFRARIA DE PESCADORES  
*'San Martiño'*  
O Grove

## ESTATUTOS

### CAPITULO VIII

#### DO PERSOAL DA CONFRARÍA

##### Artigo 64º.- Do persoal laboral.-

1. A Confraría para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións poderá contratar persoal laboral propio.

As funcións a desempeñar por este personal, serán as que determine o Cabido no contrato laboral, de conformidade coas disposicións de carácter xeral.

2. O persoal laboral propio da Confraría estará suxeito á autoridade dos órganos de goberno competentes en cada caso recaendo a xefatura de persoal no Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría.

3. Para a selección do persoal laboral as Confrarías deberán publicar no seu taboleiro de anuncios a oferta de emprego, especificando os requisitos que deberán reuni-los candidatos.

4. Este persoal rexerese polo disposto no convenio colectivo no caso de que tivese e demais normativa que lles sexa de aplicación.



##### Artigo 65º.- Do Xerente.-

1. Co fin de xestionar as Seccións de que puidese dispoñer a Confraría, esta poderá contratar un Xerente de acreditada solvencia técnico-profesional que, baixo as ordes do Patrón Maior e do Secretario dos órganos de Goberno da Confraría, teña atribuídas as funcións que se lle encomenden polo órgano de goberno competente en cada caso. No caso de que o cargo de xerente recaia na mesma persona que o cargo de Secretario dos órganos de Goberno da Confraría, o xerente atoparase baixo as ordes do Patrón Maior.

2. O Xerente dará conta da súa actividade ó Cabido, á Xunta Xeral da Confraría, ó Secretario dos Órganos de Goberno da Confraría e ó Patrón Maior.

##### Artigo 66º.- Réxime disciplinario do persoal.-

Ó persoal contratado pola Confraría aplicaráselle o réxime disciplinario que corresponda de acordo co Estatuto dos Traballadores e demais lexislación aplicable en cada caso.





CONFRARIA DE PESCADORES  
'San Martiño'  
O Grove

## ESTATUTOS

### CAPITULO VIII

#### DO REXIME ECONOMICO

##### Artigo 67º.- Da autonomía financeira.-

A Confraría ten plena autonomía en canto á administración dos seus recursos, sexan orzamentarios ou patrimoniais, que aplicará ó cumprimento dos seus fins.

##### Artigo 68º.- Da capacidade de dispoñer.-

A Confraría ten plena capacidade para adquirir, posuir, gravar e allear libremente toda clase de bens e dereitos que integran o seu patrimonio.

#### Sección 1ª.- Dos Recursos da Confraría

##### Artigo 69º.- Patrimonio da Confraría.

1. O patrimonio da Confraría estará integrado por:

- a) Os bens e dereitos que na actualidade posúe e os que adquira no sucesivo por calquera título.
- b) As doazóns, legados e calquera outro dereito adquirido.
- c) As accións ou títulos representativos do capital de empresas públicas ou privadas e as obrigas ou títulos análogos dos que a Confraría sexa titular.
- d) Os dereitos de propiedade incorporal que poida posuír.

2. A titularidade do patrimonio inmovible quedará debidamente reflexada no Rexistro da Propiedade a través da correspondente inscrición que se instará obrigatoriamente e baixo a responsabilidade do órgano de goberno competente.

3. O inventario dos bens e dereitos propiedade da Confraría, clasificados e valorados economicamente, será actualizado cada ano e aprobado polo Cabido, dándose coñecemento do mesmo ó pleno da Xunta Xeral.

4. O patrimonio é indivisible e está ó servizo de tódolos membros.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 70º.- Recursos económicos.-

1. A Confraría disporá dos seguintes recursos económicos:

- a) As cantidades recadadas, no seu caso, en concepto de cotas, aportacións voluntarias e as porcentaxes establecidas sobre a prestación de servicios e máis concretamente sobre as vendas de peixe e marisco que se realicen. (cotas ordinarias e extraordinarias)
- b) Os dereitos, taxas e exención que lle sexan legalmente establecidos.
- c) Os produtos e rendas dos seus bens, patrimonio, os intereses das súas contas bancarias e demais produtos financeiros.
- d) As doazóns, legados e aportacións que reciba
- e) As contías percibidas en concepto de sancións impostas polas Confrarías ós seus asociados.
- f) O tanto por cento do retorno por vendas noutros portos.
- g) As cantidades recadadas en concepto de porcentaxes que legalmente se establezcan, a satisfacer polos compradores ou asentadores sobre o valor da compra de peixe afectada, por sevicios que lle preste a Confraría.
- h) As subvencións e demais consignacións orzamentarias que reciban con cargo ós orzametnos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Estado, da Comunidade Europea ou calquer outra Entidade de carácter público ou privado.
- i) Os ingresos procedentes da prestación de servicios dá Confraría.
- j) Os retornos
- k) Calquera outro recurso obtido, de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.

2. Para os efectos previstos na letra j) no caso de que a Confraría realice actividades de venda, ben directamente, a través dunha organización de produción ou calquera outra entidade que realice esta función, está obrigada a descontar da factura de venda respecto das capturas das embarcacións que non pertencen a ela, a cantidade do 1% (un por cento) do valor da pesca vendida e retornalo á Confraría á que pertenza a embarcación sen prexuízo da tarifa X4 de pesca fresca.

Os retornos aboaranse trimestralmente e os gastos que orixinen serán descontados da cantidade que se transfira.

### Artigo 71º.- Cotas extraordinarias.-

1. Por acordo do pleno da Xunta Xeral poderanse establecer cotas extraordinarias baixo algunha das seguintes formas:





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

- a) Exacción directa ós membros individuais da Confraría.
- b) Participación fixa ou alicuota nas cotas recadadas polas agrupacións constituídas dentro da Confraría.

As cotas pódense establecer como un só pagamento por entregas periódicas durante un tempo determinado ou por un tempo indefinido, segundo a índole das necesidades a cubrir.

2. O establecemento das cotas extraordinarias deberá xustificarse debidamente pola transparencia dos fins perseguidos, pola insuficiencia dos medios orzamentarios dispoñibles, e pola correlación entre as contías das cotas e o beneficio directo que haberá de aporta-lo obrigado ó seu pagamento. O establecemento das cotas extraordinarias deberá ser proporcional ó investimento ou gasto que se vai realizar, debendo xustificarse debidamente a transcendencia dos fins perseguidos, e a insuficiencia dos medios orzamentarios dispoñibles.

3. O establecemento das cotas extraordinarias, pódese promover polo Cabido ou por iniciativa do pleno da Xunta Xeral, pero o acordo definitivo desta deberá proceder da elaboración dunha memoria a cargo do Cabido na que se analicen:

- a) As necesidades que xustifiquen a implantación das cotas e obxetivos que se traten de acadar.
- b) Medios requeridos para logra-lo fin proposto.
- c) Dispoñibilidades orzamentarias existentes na Confraría.
- d) Forma de recadación e de distribución das cargas, tarifas orzamentarias e incidencias económicas previsibles nos obrigados ó seu pagamento.
- e) Beneficios esperados da aplicación dos recursos obtidos, réxime contable e órganos de control, dos obtidos debendo estes ser verificados unha vez aprobada a determinación da cota.
- f) Importe das cotas específicas ou extraordinarias xa existentes na confraría e que afecten á totalidade ou a unha parte dos que, con arreglo á proposta, figuren como obrigados ó pagamento.

4. O pleno da Xunta xeral será convocado cunha antelación mínima de sete días, acompañando á convocatoria unha copia da memoria referida no punto 3 do presente artigo.

O acordo de implantación da cota deberá ser votado, como mínimo, por un número de vocais que representen a metade máis un dos membros que componen o pleno da Xunta Xeral.







COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Sección 2ª.- Do Orzamento

#### Artigo 72º.- O Orzamento e a súa elaboración.-

1. A Confraría desenvolverá a súa xestión económica a través dun orzamento único de ingresos e gastos, que estruturará, se é o caso, de acordo coas seccións nas que estén organizadas.
2. O orzamento constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poidan recoñecer, e dos dereitos que se prevexan liquidar durante o exercicio económico. O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural.
3. O funcionamento económico da Confraría desenvolverase a través do orzamento único de ingresos e gastos.
4. O orzamento anual estruturarase de acordo coas Seccións nas que poderá organizarse a Confraría.

#### Artigo 73º.- Da tramitación do orzamento.-

O Cabido elaborará o proxecto de orzamento da Confraría no que se integrarán as propostas de financiamento dos proxectos que ultimen os responsables da xestión económica de cada sección.

#### Artigo 74º.- Da aprobación do orzamento.-

1. O proxecto de orzamento será aprobado pola Xunta Xeral, por proposta do Cabido, antes do día 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio en que deba aplicarse.

De no ser aprobado antes desta data quedará automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, por doceavas partes.

2. O orzamento aprobado será exposto durante 20 días no taboleiro de anuncios da Confraría, para coñecemento dos afiliados.

#### Artigo 75º.- Da modificación orzamentaria.-

1. As dotacións de obras e servizos non incluídas no orzamento serán obxecto de modificación orzamentaria.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

2. O Cabido poderá acordar modificacións de partidas orzamentarias, sempre que, illada ou acumulativamente, non excedan do 10% do total do orzamento, daralle coñecemento posterior á Xunta Xeral.

3. As modificacións orzamentarias que exceden do 10% do total do orzamento serán aprobadas pola Xunta Xeral, por proposta do Cabido.

### Artigo 76º.- Da execución orzamentaria.-

1. A execución do orzamento correspóndelle ó Cabido.

2. Na Confraría haberá un encargado da xestión económica en cada sección, nomeado pola Xunta Xeral por proposta do Cabido, quen elaborará os documentos orzamentarios e contables que sexan necesarios, sendo responsable da veracidade dos datos que neles se recollan.

### Artigo 77º.- Da información do desenvolvemento orzamentario.-

O encargado da xestión económica informará ó Cabido, cunha periodicidade mínima trimestral, do desenvolvemento da execución orzamentaria co fin de que poidan efectuar con oportunidade os reaxustes que consideran necesarios.

### Artigo 78º.- Do réxime de contratación.-

O Patrón Maior ostentará a representación da Confraría para a celebración de toda clase de contratos nos que a mesma sexa parte, conforme ós acordos e instrucións do pleno da Xunta Xeral quen, de maneira expresa, deberá otorgarlle esta facultade.


### Artigo 79º.- Da notificación dos acordos que afecten ós orzamentos.

Dos acordos de aprobación, modificación e liquidación dos orzamentos, remitiráselle copia á Consellería competente en materia de pesca, no prazo de 15 días desde a súa adopción.

### Sección 3ª: Do Réxime Contable e Contas Anuais

### Artigo 80º.- Do réxime contable.

1. A Confraría levará un plan contable único, aprobado pola Consellería competente en materia de economía e facenda, sendo aplicable, coas súas peculiaridades





CONFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove


## ESTATUTOS

propias, o disposto no título V, capítulo II, do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

No plan contable reflectirase o movemento de ingresos e gastos de forma separada, se é o caso, para cada unha das seccións nas que se estruturen, así como todas aquelas modificacións que se produzan na súa situación patrimonial. Anualmente confeccionarase o correspondente balance, no que se reflectirá a súa situación patrimonial, económica e financeira.

### Artigo 81º.- Das contas anuais.

1. As contas anuais da Confraría comprenderán o balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria, debendo ser formuladas polo Cabido e aprobadas pola Xunta Xeral.
2. A formalización das contas anuais realizarase polo Cabido dentro do primeiro semestre do ano seguinte a aquel ó que correspondan.
3. A aprobación das contas anuais corresponderá á Xunta Xeral, no prazo determinado no parágrafo anterior.
4. Durante un período mínimo de quince días, previos á súa formulación, deberá estar exposta a documentación contable no taboleiro de anuncios da Confraría. Durante este prazo tódolos membros da Xunta Xeral poderán consultar nos locais da Confraría a documentación soporte das operacións e actividades realizadas ó longo do ano. Rematado ese prazo o Cabido formalizará as contas.
5. As contas anuais, unha vez aprobadas pola Xunta Xeral, serán expostas a tódolos membros da Confraría, reunidos en asemblea xeral.
6. Realizadas tódalas actuacións anteriores, o secretario dos órganos de goberno, no prazo máximo de cinco días, deberá remiti-las contas anuais á Consellería competente en materia de pesca e ó Consello de Contas, xunto cunha certificación acreditativa do cumprimento das obrigas establecidas no presente artigo.
7. Aprobadas as contas pola Xunta Xeral, non se autorizará a consulta da documentación soporte das mesmas. A Administración poderá reclamar, non obstante, esa documentación en calquera momento.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 82º.- Da documentación contable.

A Confraría levará en orde e ó día os seguintes libros:


- a.- Libro de inventarios e balance e libro diario, conforme ó disposto para eles na normativa mercantil.
- b.- Calquera outro libro que veña esixido por esta e outras disposicións legais.

### Artigo 83º.- Obriga da legalización das contas anuais.

1. Os libros que legal e obrigatoriamente levará a Confraría, segundo o artigo anterior, serán dilixenciados e legalizados, con carácter previo á súa utilización, polo rexistro mercantil se a Confraría realiza actividades económicas. No caso de que a Confraría realice soamente actividade social, os libros serán dilixenciados polo secretario dos órganos de goberno.
2. Non obstante o anterior, será válida a realización de asentamentos e anotacións por calquera procedemento idóneo, sobre follas que despois serán encadernadas correlativamente para forma-los libros obrigatorios, os que serán presentados ó rexistro mercantil para a súa legalización antes de que transcorran os catro meses seguintes á data do pechamento do exercicio. No caso de que a Confraría non desenvolva actividade económica, as follas serán dilixenciadas polo secretario dos órganos de goberno.
3. Os libros e demais documentos da Confraría estarán baixo a custodia, vixilancia e responsabilidade do Cabido.

### Artigo 84º.- Obriga da presentación das contas anuais.

1. A Confraría está obrigada a presenta-las contas anuais para o seu depósito no rexistro de Confrarías, dentro do prazo de un mes contado desde a súa aprobación pola Xunta Xeral.
2. Nos supostos de disolución e liquidación da Confraría, os liquidadores estarán obrigados a presentar no rexistro citado a conta xeral de liquidación e proposta de reparto do patrimonio da Confraría en liquidación.
3. As contas anuais, asinadas por tódolos membros do Cabido, deberán presentarse de conformidade co plan de contabilidade aprobado pola Consellería competente en materia de economía e facenda, achegando o balance, a conta de perdas e ganancias e





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

a memoria. No caso de que faltase algunha sinatura, deberá facerse indicación expresa dos motivos da ausencia. Asemade, deberá xuntarse certificación do acordo de aprobación das contas anuais pola Xunta Xeral e imputación dos resultados, coas sinaturas do Patrón Maior e do secretario dos órganos de goberno, lexitimadas notarialmente. A citada certificación deberá identifica-las contas anuais, que estarán debidamente asinadas. Se faltase a sinatura dalgún dos dous, indicarse expresamente a causa da ausencia.

### Artigo 85º.- Da obriga de conserva-las contas anuais.

As contas anuais e documentos complementarios depositados no rexistro de Confrarías deberanse conservar por un período mínimo de seis anos á data da práctica do asento.


### Artigo 86º.- Das exencións e beneficios fiscais.

A Confrarías gozará, para o cumprimento dos seus fins, das exencións e beneficios fiscais que en cada momento se lle recoñezan.

## Sección 4º: Da Responsabilidade

### Artigo 87º.- A responsabilidade.-

1. O Patrón Maior, membros do Cabido, Secretario dos Órganos de Goberno dá Confraría, Xerente, así como os administradores ou xestores da Confraría, responderán perante ela, fronte ós membros e acredores da Confraría, do dano que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeña-lo cargo.
2. Responderán solidariamente tódolos membros dos órganos da administración que realizou o acto ou adoptou o acordo lesivo. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de se-lo caso, poida derivarse dos acordos.
3. En ningún caso exonerará da responsabilidade a circunstancia de que o acto ou acordo lesivo fora adoptado, autorizado ou ratificativo pola Xunta Xeral da Confraría.





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 88º.- Da acción de responsabilidade.-

1. A acción de responsabilidade contra os administradores ou xestores será exercida pola Confraría, logo de acordo da Xunta Xeral.
2. A aprobación das contas anuais non impedirá nin suporá o exercicio da acción de responsabilidade nin a renuncia á acción acordada ou exercitada.

## CAPITULO IX

### SISTEMAS DE GARANTIAS E RECURSOS

### Artigo 89º.- Deber de legalidade.-


1. Os órganos de goberno da Confraría acomodarán os seus actos e acordos á legalidade. Calquera dos seus membros e o Secretario dos Órganos de Goberno deberán poñer de manifesto as infraccións que se advirtan.
2. Corresponde ó Patrón Maior adoptar as medidas que sexan legalmente necesarias para obter a suspensión e revocación dos acordos adoptados polos órganos de goberno da confraría ou as agrupacións nela constituídas.

### Artigo 90º.- Petición, demandas e recursos dos asociados.-

Calquera asociado pode dirixir peticións, formular demanda ou interponer recursos ante os órganos de goberno da Confraría con arreglo ós procedementos respectivamente aplicables. En todo caso, é deber dos órganos de goberno competentes dar xustificación das cuestións presentadas, orientar, se houbera lugar a elo, sobre os requisitos de procedemento, resolver segundo sexa procedente e notificar ó interesado o contido do acordo, con indicación dos posibles recursos e prazos.

### Artigo 91º.- Dos Recursos.-

Contra os actos, acordos e disposicións da Confraría adoptados no exercicio das súas funcións públicas e suxeitas ó dereito administrativo caberá recurso de alzada ante a Consellería competente en materia de pesca, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

procedemento administrativo común, tendo en todo caso esta consideración as seguintes cuestións:

- a) constitución, funcionamento e órganos de goberno da Confraría
- b) procesos electorais
- c) actos de afiliación
- d) segregación, disolución e fusión da Confraría.

Nas cuestións de contratación de persoal por parte da Confraría, a súa actividade patrimonial de carácter mercantil ou comercial, o seu réxime disciplinario, así como todas aquelas cuestións de natureza xurídica distinta a sinalada no punto anterior caberá recurso ante o órgano xurisdiccional competente, de acordo coas normas que lle sexan de aplicación.

### CAPITULO X

#### O PROCEDEMENTO SANCIONADOR

##### Artigo 92º.- Do réxime sancionador.-


O incumprimento das obrigas dos membros da Confraría poderá dar lugar á esixencia de responsabilidade a través do correspondente procedemento sancionador.

O procedemento sancionador requerirá, salvo para as faltas leves, a apertura dun expediente previo e a audiencia ó interesado, a quen se lle notificarán os cargos.

Na tramitación do procedemento sancionador, estarase ó disposto no Real Decreto 1.398/93 do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Corresponde ó Patrón Maior a incoación do expediente ben por iniciativa propia ou en virtude dunha denuncia e nomear instructor e secretario do mesmo. Asemade, e no mesmo acto, poderá acorda-la suspensión provisional dos dereitos do presunto infractor, ata un prazo máximo non superior a 2 meses.

As infraccións cometidas polos membros da Confraría clasifícanse en leves, graves e moi graves.





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove


## ESTATUTOS

### Artigo 93º.- Iniciación

1. O acordo de iniciación do expediente sancionador formalizase co contido mínimo seguinte:
  - a) Identificación da persoa ou persoas presuntamente responsable.
  - b) Os feitos que motivan o expediente con indicación da posible calificación e da sanción que poida corresponder, sen prexuízo do que resulte da instrucción.
  - c) Instructor, que poderá ser recusado de conformidade co establecido na Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
  - d) Órgano competente para a resolución do expediente.
  - e) Indicación do dereito a formular alegacións e a audiencia no procedemento, e do prazo para o seu exercicio.
  
2. O acordo de iniciación deberá ser comunicado ó instructor e notificado ó interesado coa advertencia de que no caso de non formular alegacións no prazo concedido o acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución.

### Artigo 94º.- Instrucción

1. Os interesados disporán dun prazo de 5 días para aportar alegacións, documentos ou informacións que estimen convintes e no seu caso propor a práctica de probas.
2. Concluída, no seu caso, a práctica da proba proposta que se estimase pertinente, e aquela outra que acorde o instructor, este formulará proposta de resolución na que se fixarán de xeito motivado os feitos, con indicación dos que se consideren probados, a súa calificación xurídica, determinando a infracción cometida e a sanción que se propón impor, así como a indicación da persoa responsable.
3. A proposta de resolución notificaráselle ó interesado concedéndolle un prazo de 3 días para formular alegacións e aporta-los documentos que estime pertinentes.
4. Salvo no caso de que o interesado non tivera feito alegacións no prazo concedido no apartado 1, pódese prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.







COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

5. A proposta de resolución cursarase ó órgano competente para resolver xunto con tódolos documentos do procedemento.

### Artigo 95º.- Resolución

1. Ó órgano competente para resolver dictará resolución motivada.
2. A resolución formalizarase por calquera medio que acredite a vontade do órgano competente para adoptalo.

A resolución que poña fin o expediente incluirá a valoración das probas practicadas nas que se funde a decisión, fixará os feitos e a persoa responsable, a infracción cometida e a sanción que se impón, e será notificada ó interesado.


### Artigo 96º.- Das Infraccións.-

#### 1. Considéranse infraccións leves:

- a) A inasistencia inxustificada ás convocatorias de reunións.
- b) A falta de colaboración na aportación de datos e informes que non sexan exclusivos de dominio privado.
- c) A perturbación da orde nas reunións.
- d) Non aboa-las cotas ou derramas obrigatorias nos prazos fixados.
- e) Causar danos nos bens ou elementos das instalación da Confraría en contía non superior a 90 €.
- f) E aquelas outras que durante o normal desenvolvemento do funcionamento da Confraría así acorde o Cabido, Xunta Xeral, ou a través dos correspondentes acordos assemblearios dos colectivos sectoriais que integran a Confraría que se atopen debidamente recollidos nas actas correspondentes e que se acorde incluílos nos correspondentes Regulamentos de Réxime Interior dá Confraría ou cada un dos Colectivos que a integren ou nos propios Estatutos dá Confraría segundo a lexislación vixente de normal e pertinente aplicación.

#### 2. Considéranse infraccións graves:

- a) As palabras, actos, escritos ou manifestacións ofensivas en relación cos órganos de goberno, coas persoas que os constitúen o persoal da Confraría, que agraven á Confraría, que perturben o normal funcionamento dela, ou as relacións entre os socios.
- b) A inobservancia grave das regras de convivencia da vida asociativa.
- c) A reiteración de tres faltas leves.





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

- d) O incumprimento ou desobediencia dos acordos dos órganos de goberno da Confraría.
- e) A falta de respecto, desconsideración ou desobediencia ós membros da Xunta Xeral, Cabido e Patrón Maior no uso das súas funcións, así como ó persoal que desempeñe os seus servizos na Confraría.
- f) Polo incumprimento das obrigas assemblearias e estatutarias.
- g) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da Confraría en contía entre 90,01 € ata 600 €.
- h) E aquelas outras que durante o normal desenvolvemento do funcionamento da Confraría así acorde o Cabido, Xunta Xeral, ou a través dos correspondentes acordos assemblearios dos colectivos sectoriais que integran a Confraría que se atopen debidamente recollidos nas actas correspondentes e que se acorde incluílos nos correspondentes Regulamentos de Réxime Interior da Confraría ou cada un dos Colectivos que a integren ou nos propios Estatutos da Confraría segundo a lexislación vixente de normal e pertinente aplicación..

### 3. Considéranse infraccións moi graves:

- a) A agresión física ós membros ou persoal da Confraría.
- b) A reiteración de tres faltas graves.
- c) Causar danos nos bens ou elementos das instalacións da Confraría en contía igual ou superior a 600,01 €.
- d) E aquelas outras que durante o normal desenvolvemento do funcionamento da Confraría así acorde o Cabido, Xunta Xeral, ou a través dos correspondentes acordos assemblearios dos colectivos sectoriais que integran a Confraría que se atopen debidamente recollidos nas actas correspondentes e que se acorde incluílos nos correspondentes Regulamentos de Réxime Interior da Confraría ou cada un dos Colectivos que a integren ou nos propios Estatutos da Confraría segundo a lexislación vixente de normal e pertinente aplicación..

### Artigo 97º.- Sancións.-

- 1. Clasificadas as infraccións, graduaranse atendendo á negligencia, á intencionalidade ou a reincidencia do infractor, así como á índole ou a transparencia do prexuízo causado á institución ou ós seus representantes.
- 2. De conformidade cos citados criterios as sancións serán:
  - a) Pola comisión de infraccións leves, apercibimento ou suspensión dos dereitos de socio ata un máximo de seis meses ou multa de 30 a 200 euros.





COMFRARIA DE PESCADORES  
"San Martín"  
O Grove

## ESTATUTOS

- b) Pola comisión de infraccións graves, suspensión temporal do cargo representativo na Confraría ou da condición de socio dá Confraría ata un ano ou dos dereitos de asociado, ou multa de 201 a 1000 euros.
- c) Pola comisión de infraccións moi graves, suspensión do cargo representativo ou da condición de socio da Confraría por período superior a un ano, ou expulsión de socio da Confraría, suspensión dos seus dereitos como socio, multa de 1001 a 6000 euros.

### 3. Imposta a sanción, o seu importe será abonado da seguinte forma:

- 1º.- Por medio de pago voluntario, admitíndose o pago fraccionado.
- 2º.- En defecto do anterior o importe da multa será deducido do importe de venta en lonxa, admitíndose a deducción de xeito fraccionado.

### 4. As sancións serán impostas por:

- O Patrón Maior, as sancións leves.
- O Cabido, as sancións graves.
- Pola Xunta Xeral, as sancións moi graves.

### Artigo 98º.- Prescrición.


1. As infraccións previstas neste Estatuto prescribirán as leves ós tres meses, as graves ós seis meses, e as moi graves ó ano .

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día da comisión da infracción. Interrompe a prescrición da infracción a iniciación do procedemento sancionador.

2. As sancións prescribirán o cabo de seis meses as impostas por faltas leves, o ano as impostas por faltas graves, e os dous anos as impostas por faltas moi graves. O prazo de prescrición da sanción comezará a contar dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrompe a prescrición o procedemento de execución da sanción.

### Artigo 99º.- Outras responsabilidades.-

Se os Órganos de Goberno da Confraría entenden que a conduta enxuzada pode ser constitutiva de delito ou falta tipificada no Código Penal, denunciará tales feitos





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

ante o tribunal ordinario competente, e os gastos e minutas que se ocasionasen irían con cargo ós presupostos da Confraría.

### Artigo 100º.- Indemnizacións.-


Tanto nos casos de infraccións como no incumprimento das obrigas establecidas no estatuto, o órgano que resolva o expediente sancionador poderá impoñer ó responsable a indemnización por danos e prexuízos a favor da Confraría.

## CAPITULO XI

### DAS RELACIONES CON OUTRAS CONFRARIAS, CONVENIOS, ASOCIACIONES E DA SÚA DISOLUCIÓN

#### Artigo 101º.- Da relación con outras Confrarías.

1. Cando así o acorde a Xunta Xeral, a Confraría poderá agruparse con outras Confrarías, comunidades, mancomunidades, federacións provinciais, interprovinciais, Nacional e Comunitaria, ou as zonas marítimo-pesqueiras para o mellor cumprimento dos seus fins, ou acudir a modalidades asociativas distintas, destinadas á xestión de determinados servicios de interese común, de acordo coa lexislación vixente en materia de asociacións que lle sexa aplicable. Neste suposto, e unha vez aprobada a constitución da asociación polo órgano competente, deberá remitir unha copia dos estatutos aprobados para proceder á inscrición da asociación no rexistro de Confrarías.
2. As relacións serán acordadas polo Cabido da Confraría, que será o órgano de enlace e coordinación, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder a outros órganos de goberno.
3. Os convenios fixarán o obxecto, as competencias dos órganos que o suscriben, os mecanismos de asistencia técnica e control, o réxime de financiamento e a súa duración.
4. Os acordos de asociación e convenios de colaboración que realicen serán obxecto de inscrición no rexistro de Confrarías e das súas federacións.





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

### Artigo 102º.- Dos convenios e das asociacións.-


1. A Confraría, cando así o decida a Xunta Xeral, poderá facer convenios de colaboración e asociarse con outras Confrarías ou Asociacións, para xestionar determinados servizos de interese común dos seus membros.
2. Os convenios fixarán o obxecto, as competencias dos órganos que o suscriben, os mecanismos de asistencia técnica e o control, o réxime de financiamento e a duración deles.

### Artigo 103º.- Da fusión e disolución da Confraría.-

1. Cando a Xunta Xeral así o acorde, ó abeiro de motivos moi xustificados, a Confraría poderá fusionarse con outras limítrofes. O acordo deberá ser adoptado polas tres cuartas partes dos membros da Xunta Xeral, debendo remitirse o expediente á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a súa inscrición no Rexistro de Confrarías.
2. No caso de fusión, procederase ó cumprimento de tódalas obrigas contraídas.
3. O remanente, en caso de fusión, será negociado entre as Confrarías fusionadas.

### Artigo 104º.- Disolución da Confraría.

1. Cando existan circunstancias graves e insalvables que impidan o desenvolvemento dos fins que ten atribuídos a Confraría, co quórum de asociados establecidos no punto anterior, poderá acordarse a súa disolución, mediante a incoación do oportuno expediente, que será enviado á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
2. No caso de disolución, procederase ó cumprimento de tódalas obrigas contraídas.
3. A disolución da Confraría producirase polas seguintes causas:
  - a) Polo acordo favorable das tres cuartas partes dos membros da Xunta Xeral que deberá ser aprobado pola Consellería competente en materia de pesca. O acordo deberá recolle-lo destino dos bens e dereitos, unha vez atendidas as obrigas. En ningún caso estes bens e dereitos poderán repartirse entre os





CONFRARIA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

membros da Confraría, agás aquelas cantidades ingresadas en concepto de cotas no último ano.

4. A disolución terá as seguintes consecuencias:

- a) Suporá a perda das autorizacións e concesións administrativas para o exercicio das actividades de marisqueo e cultivos mariños.
- b) O ámbito territorial da Confraría será outorgado ás Confrarías colindantes, segundo acordo das mesmas ou por partes iguais se non existe acordo, implicando a conseguinte modificación estatutaria e rexistral.
- c) Os socios da Confraría poderán integrarse nalgunha das limítrofes.
- e) O persoal funcionario que presta servizo nelas será redistribuído de acordo coas normas vixentes en materia de función pública.

5. O remanente, no caso de disolución, aplicarase a calquera acción de interese social do sector pesqueiro-marisqueiro dentro do ámbito territorial da Confraría e previo acordo da Asamblea Xeral de Socios.

## CAPITULO XII

### DA REFORMA DO ESTATUTO


**Artigo 105º- Da reforma.-**

1. A reforma do estatuto poderá levarse a cabo por:

- a) Petición de dous tercios dos membros do cabido.
- b) Petición da metade máis un dos membros da Xunta Xeral.
- c) Petición das tres quintas partes da totalidade dos membros socios da Confraría.

2. O procedemento será o seguinte:

- a) Presenterase, na Confraría, escrito razoado indicando o artigo ou artigos a reformar así como certificación, expedida polo Secretario, da acta da reunión da Xunta Xeral ou do Cabido na que se tomou o acordo. No caso do apartado c) do punto anterior, asemade do escrito razoado presentaranse as sinaturas conformadas dos socios que fan a solicitude.





COMFRARÍA DE PESCADORES  
"San Martiño"  
O Grove

## ESTATUTOS

3. No prazo máximo de dous meses, o pleno da Xunta Xeral da Confraría aprobará ou denegará a reforma dando, por escrito, conta do acordo cando se trate do apartado c) do punto 1. O acordo favorable requerirá do apoio dos dous tercios (2/3) dos membros da Xunta Xeral.

### CAPITULO XIII

#### DAS FESTAS OFICIAIS

##### Artigo 106º.- Das festividades.-

A Confraría de Pescadores de San Martín de O Grove, ten como Patrón a "San Martiño" e como Patroa á "Virxe do Carme" declarando festas oficiais obrigatorias os días das súas festividades de cada ano, durante os que as embarcacións non poderán saír a faenar.

Tamén se declaran festas oficiais obrigatorias as de usos e costumes da localidade.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Confraría réxese polo presente estatuto e polo disposto na lei 9/1993, de Confrarías de Pescadores de Galicia; o Decreto 261/2002, do 30 de xullo, e demais normas aplicables.

No suposto de colisión entre o presente estatuto e as normas antes citadas, aplicaranse estas últimas.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan Derrogados o estatuto e as disposicións que ata agora viñan rexendo na Confraría de Pescadores "San Martín" de O Grove, manténdose todos aqueles acordos de Cabido e Xunta Xeral que foran aprobados no seu momento e que estén rexistrados nas correspondentes actas así como tódolos acordos acadados en asemblea e debidamente recollidos nas actas correspondentes, e que non sexan contrarias á normativa vixente.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O Presente Estatuto entrará en vigor cando sexa inscrito no Rexistro de Confrarías.





## CONFRARÍA DE PESCADORES "SAN MARTIÑO"

Pza. do Corgo, 2  
O GROVE (Pontevedra)

Teléfonos: Oficina: 986 73 35 90 – Lonxa: 986 73 27 65 – Fax: 986 73 28 28

**KATY MONTESINOS DOMÍNGUEZ**, con D.N.I. nº 35.452.427-C, Secretaria dos Órganos de Goberno da Confraría de Pescadores "San Martín" de O Grove dá cal é Patrón Maior D. Francisco J. glesias Prol,

### CERTIFICA:

1º.- Que ná reunión extraordinaria de Xunta Xeral celebrada o martes, día 27 de xaneiro de 2004, previo estudio da normativa vixente de normal e pertinente aplicación, acadouse o acordo por unanimidade de proceder á modificación e adaptación dos estatutos ó Decreto 261/02 do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarias de Pescadores e as súas Federacións.

2º.- Que os presentes estatutos adaptados ó Decreto 261/02 do 30 de xuño polo que se aproban as normas reguladoras das Confrarias de Pescadores e as súas Federacións, constan de 63 páxinas entre o índice e o articulado, desglosado en 106 artigos, 1 disposición adicional, 1 disposición derogatoria, e 1 disposición derradeira.

E para que así conste, e ós efectos oportunos, asino a presente en O Grove, a vinte de xullo de dous mil catro.

A SECRETARIA DOS ORGANOS  
DE GOBERNO DA CONFRARIA



Asdo.: Katy Montesinos Domínguez